

GRAO EN SOCIOLOXÍA
TRABALLO DE FIN DE GRAO
CURSO ACADÉMICO: 2023/2024
CONVOCATORIA: XUÑO

LINGUA, IDENTIDADE E NOVA MÚSICA EN GALEGO: UN ESTUDO DE CASO NA
MOCIDADE UNIVERSITARIA DE GALICIA

LENGUA, IDENTIDAD Y NUEVA MÚSICA EN GALLEGO: UN ESTUDIO DE CASO EN LA
JUVENTUD UNIVERSITARIA DE GALICIA

LANGUAGE, IDENTITY AND NEW MUSIC IN GALICIAN: A CASE STUDY IN THE
UNIVERSITY YOUTH OF GALICIA

Noelia Mato Varela

Dirixido por: Raimundo Otero Enríquez e Belén Fernández Suárez

RESUMO: Os últimos anos da música en galego trouxeron consigo novos camiños de exploración musical, unha gran modernización da tradición galega, e con isto, o crecemento do seu público e do número de artistas que apostan polo galego nas súas letras. Tanxugueiras, Berto, Fillas de Cassandra, The Rapants, Mondra ou Boyanka Kostova son claros exemplos que conseguiron facerse un oco na industria musical, nalgúns casos pasando incluso do plano autonómico ao nivel nacional. Este traballo de fin de grao ten como principal obxectivo investigar se este auxe das producións musicais en galego pode potenciar a identidade e lingua galegas entre a mocidade universitaria da comunidade. Para levalo a cabo empregáronse unha metodoloxía mixta, con entrevistas en profundidade a informantes chave, e unha enquisa que tratará de comprobar a posible relación entre a escoita desta música e a percepción da lingua galega, o seu uso, e o sentimento de pertenza a Galicia.

Palabras chave: música en galego actual, identidade galega, sociolingüística, neofalantismo, estudantes.

RESUMEN: Los últimos años de la música en gallego trajeron consigo nuevos caminos de exploración musical, una gran modernización de la tradición gallega, y con esto, el crecimiento de su público y del número de artistas que apuestan por el gallego en sus letras. Tanxugueiras, Berto, Fillas de Cassandra, The Rapants, Mondra o Boyanka Kostova son claros ejemplos que consiguieron hacerse un hueco en la industria musical, en algunos casos pasando incluso del plano autonómico al nivel nacional. Este trabajo de fin de grado tiene como principal objetivo investigar si este auge de las producciones musicales en gallego puede potenciar la identidad y lengua gallegas entre la juventud universitaria de la comunidad. Para llevarlo a cabo se empleará una metodología mixta, con entrevistas en profundidad a informantes clave, y una encuesta que tratará de comprobar la posible relación entre la escucha de esta música y la percepción de la lengua gallega, su uso, y el sentimiento de pertenencia a Galicia.

Palabras clave: música en gallego actual, identidad gallega, sociolingüística, neohablantismo, estudiantes.

ABSTRACT: The last years of music in Galician brought with them new paths of musical exploration, a great modernization of the Galician tradition, and with this, the growth of its audience and the number of artists who bet on Galician in their lyrics. Tanxugueiras, Berto, Fillas de Cassandra, The Rapants, Mondra or Boyanka Kostova are clear examples that managed to carve out a niche for themselves in the music industry, in some cases even moving from the regional to the national level. The main objective of this final degree project is to investigate whether this boom in musical productions in Galician can enhance the Galician identity and language among the university youth of the community. To carry it out, a mixed methodology will be used, with in-depth interviews with key informants, and a survey that will try to verify the possible relationship between listening to this music and the perception of the Galician language, its use, and the feeling of belonging to Galicia.

Keywords: current Galician music, Galician identity, sociolinguistics, neo-speakerism, students.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN: Pode a música en galego aumentar o uso desta lingua entre a mocidade?.....	6
1.1. Presentación do tema, intención da autora e tipo de investigación.....	6
1.2. Obxectivos da investigación.....	6
1.3. Xustificación da investigación: a música como elemento de normalización lingüística para recuperar o galego entre a xente nova.....	7
2. MARCO TEÓRICO.....	9
2.1. O GALEGO: IDIOMA EN PERIGO DE EXTINCIÓN?.....	9
2.1.1. Contexto histórico.....	9
2.1.2. Situación actual.....	10
2.2. A DEFINICIÓN DA IDENTIDADE E A SÚA VINCULACIÓN CON ELEMENTOS CULTURAIIS.....	12
2.2.1. Lingua.....	13
2.2.2. Música.....	14
2.3. OS ÚLTIMOS ANOS DA MÚSICA EN GALEGO: DÚAS VERTENTES DO PROCESO MODERNIZADOR.....	16
2.3.1. O “neotradicional”: unha renovación da tradición galega a través de novos ritmos comerciais.....	17
2.3.2. A normalización do idioma a través da cotiandade das temáticas e a ampliación dos xéneros.....	18
3. HIPÓTESES.....	19
4. METODOLOXÍA.....	21
4.1. Cuestionario e deseño mostral.....	21
4.2. Entrevistas semiestruturadas.....	22
5. ANÁLISE DE RESULTADOS: A nova música en galego como potenciadora da cultura rexional.....	25
5.1. Descrición da mostra.....	25
5.2. Análises estatísticas univariantes e verificación da hipótese relacionada co aumento do público debido á innovación no panorama musical galego (H4).....	27
5.3. Análises estatísticas bivariantes e verificación das hipóteses relacionadas cos usos lingüísticos dos consumidores de música en galego (H2 e H3).....	35

5.4. Análises estatísticas multivariantes e verificación das hipóteses relacionadas coa identidade galega dos oíntes de música en galego e os seus usos lingüísticos (H1, H2 e H3).....	38
5.5. Análise cualitativa e verificación da hipótese relacionada coas motivacións dos artistas para facer música en galego (H5).....	43
6. CONCLUSIÓNS E BALANCE DE FORTALEZAS E DEBILIDADES.....	47
7. BIBLIOGRAFÍA.....	53
8. ANEXOS.....	56
8.1. Táboas.....	56
8.2. Cuestionario en formato Google Forms.....	57
8.3. Guión das entrevistas semiestruturadas.....	64
8.4. Transcrición das entrevistas.....	68

Índice de táboas

Táboa I: Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor actualmente para falar por idade. Galicia e provincias.....	10
Táboa II: Relación entre os obxectivos e as hipóteses de investigación.....	20
Táboa III: Obxectivos e hipóteses da investigación en relación coas preguntas do cuestionario e das entrevistas.....	24
Táboa IV: Táboa cruzada. Que lingua falas habitualmente? * Es consumidor(a) de música en galego?.....	35
Táboa V: Táboa cruzada. En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo? * Es consumidor(a) de música en galego?.....	37
Táboa VI: Contraste de medias e ANOVA. Es consumidor(a) de música en galego?*Indica o teu grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións con respecto á cultura e lingua galegas....	40
Táboa VII: Variables na ecuación.....	42
Táboa VIII: Avaliación do cumprimento dos obxectivos e das hipóteses.....	50
Táboa IX: Balance de fortalezas e debilidades.....	51
Táboa X: Proba ómnibus.....	56
Táboa XI: Táboa de clasificación, paso 1.....	56

Índice de gráficos

Gráfico 1: Xénero (%).....	25
Gráfico 2: Lugar de nacemento (%).....	26
Gráfico 3: Rama de coñecemento (%).....	26
Gráfico 4: Lingua falada habitualmente (%).....	27
Gráfico 5: Vontade de cambio de lingua (%).....	28
Gráfico 6: Afirmacións con respecto á identidade e lingua galega (medias e desviacións típicas).....	29
Gráfico 7: Consumo de música en galego (%).....	29
Gráfico 8: Motivos polos que non consumen música en galego (%).....	30
Gráfico 9: Incremento do consumo de música en galego (%).....	31
Gráfico 10: Frecuencia coa que se desenvolven actividades relacionadas co galego (medias e desviacións típicas).....	33
Gráfico 11: Consumo de xéneros musicais en galego (frecuencias).....	34
Gráfico 12: Coñecemento de artistas en galego (frecuencias).....	34
Gráfico 13: Gráfico de categorías conxuntas (“Que lingua falas habitualmente?” * “En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo?” * “Es consumidor(a) de música en galego?”).....	39

1. INTRODUCCIÓN: Pode a música en galego aumentar o uso desta lingua entre a mocidade?

1.1. Presentación do tema, intención da autora e tipo de investigación

Co paso das décadas, o número de persoas galegofalantes é cada vez menor, sobre todo entre os individuos máis novos. Esta situación pon sobre a mesa a necesidade de implantar políticas de normalización lingüística, que poden ir dende o uso do idioma no sistema educativo ata a difusión do galego a través dos medios de comunicación ou da música. Esta última será o centro da nosa investigación: trataremos de comprobar se o consumo de música en galego pode ser un imput para potenciar a identidade galega entre a xuventude, especialmente ligando esta á lingua, e encadrando así o presente traballo dentro dos campos da sociolingüística e da socioloxía da música. Para elo, centrarémonos nos acontecementos máis relevantes dos últimos anos entorno ás producións musicais en galego, xa que trouxeron consigo novos camiños de exploración musical, unha gran modernización da tradición galega, e con isto, o crecemento do seu público e do número de artistas que apostan polo galego nas súas letras. Tanxueiras, Berto, Fillas de Cassandra, The Rapants ou Boyanka Kostova, son claros exemplos que conseguiron facerse un oco na industria musical, nalgúns casos pasando incluso do plano autonómico ao nivel nacional.

Se ben é certo que non existe unha ampla bibliografía que recolla información sobre a música en galego, e o seu impacto a nivel lingüístico ou cultural; si atopamos textos con temáticas relacionadas que poden resultar de interese para a nosa investigación, como o de Pérez-Borrajo & Matas de Íscar (2022), ou Senín (2021), que afondan sobre o discurso musical de certos artistas concretos como Baiuca ou Rebelliom do Inframundo, analizando a súa vinculación coa tradición de Galicia ou a carga ideolóxica. O noso propósito é coñecer o grao de asociación entre os dous conceptos expostos previamente, empregando como referente o estudantado universitario galego, é dicir comprobar como inflúe a escoita de música en galego no idioma falado ou no sentimento galego dos universitarios/as. Polo tanto, o traballo será de tipo correlacional; o que xustifica a elaboración dun cuestionario, xunto con entrevistas que sirvan de apoio para o noso estudo.

1.2. Obxectivos da investigación

En relación co explicado no punto anterior, expóñense a continuación os obxectivos establecidos para levar a cabo a investigación. Tomaremos os obxectivos xerais como o centro do estudo, para despois abordar o tema de forma máis exhaustiva a través da consecución de cinco obxectivos específicos. Con isto espérase extraer conclusións significativas que dean resposta as cuestións que motivan este traballo.

Obxectivos xerais (Ox):

- Ox₁: Estudar se a escoita de música en galego pode impulsar a lingua e identidade galegas na poboación universitaria de Galicia.

- Ox₂: Comprobar se a innovación e diversidade que está a medrar dentro do panorama musical galego provoca un aumento no número de oíntes pertencentes ao sistema universitario da comunidade.

Obxectivos específicos (Oe):

- Oe₁: Contextualizar a situación do galego con respecto á diminución de xente galegofalante.
- Oe₂: Analizar os acontecementos máis destacables dos últimos anos da música en galego.
- Oe₃: Coñecer as motivacións dos artistas emerxentes galegos para crear música na súa lingua.
- Oe₄: Averiguar se existe un perfil ou perfís concretos de consumidores que escoiten esta música.
- Oe₅: Abrir liñas de investigación relacionadas con novos métodos de normalización lingüística.

1.3. Xustificación da investigación: a música como elemento de normalización lingüística para recuperar o galego entre a xente nova

Existen diversos puntos que amosan a relevancia desta investigación, nos cales afondaremos durante o marco teórico.

En primeiro lugar, a represión histórica que sufriu o galego provocou que o seu uso esté nunha situación non favorable na actualidade. O descenso da poboación galegofalante a un ritmo tan elevado pode levar á desaparición da lingua (Pardo-Vuelta, 2015), sendo esta un elemento fundamental da cultura. A morte do galego suporía perder un sinal de identidade da comunidade, polo que debería existir un maior interese por parte da sociedade galega e das institucións por conservalo. Partindo deste panorama, debería facerse maior fincapé nos programas de normalización lingüística, elaborando propostas innovadoras para captar a un público máis novo. A lingua galega pode reproducirse fóra do ámbito familiar e educativo, posto que existen individuos que toman a decisión de comezar a falalo nunha idade máis avanzada. Ao cada vez ser menos os pais que crían aos seus fillos e fillas no idioma cooficial (Ramallo, 2012), tal vez incentivar á xuventude a utilizar o galego sexa unha boa estratexia.

En segundo lugar, tendo en conta que a música é outro elemento cultural moi importante, e que colabora polo tanto na construción da identidade dos suxeitos, que existan cancións escritas en galego axuda a visibilizar e normalizar a lingua. Explotar máis este recurso pode ser interesante, xa que a poboación nova consume música con moita frecuencia.

En último lugar, analizando os acontecementos máis relevantes e a evolución das producións musicais en galego dos últimos cinco anos, atopámonos con que emerxen novos xéneros e se produce unha gran modernización. Isto provoca un crecemento progresivo do número de oíntes, dos

cales nos interesa coñecer o seu perfil para cumprir cos obxectivos do presente traballo. Tanxugueiras ou Verto foron claros impulsores da música en galego, e abriron as portas a novos e novas artistas, demostrando así que esta lingua debería ser tan válida como o castelán ou o inglés na industria musical.

Tendo en conta todos estes elementos, pódese afirmar que o estudo presenta tres tipos de relevancia. Por un lado, abordar a problemática relacionada coa desaparición da lingua galega e a conseguinte perda de riqueza cultural, implica unha relevancia substantiva, xa que é un asunto actual, centro de moitos debates no nivel autonómico (e en ocasións tamén no plano nacional). Por outra banda, esta investigación tamén se pode xustificar a través dunha relevancia aplicada ou práctica, posto que a temática tratada aporta información e coñecemento dun caso específico: a nova música en galego e o impacto lingüístico-cultural que pode ter na xuventude. O feito de que exista moi pouca bibliografía relacionada con este tema de investigación, aumenta o valor da mesma, a parte da súa ilustración mediante exemplos específicos. Finalmente, engadir que este traballo tamén ten unha relevancia de carácter persoal, posto que a materia en cuestión esperta un gran interese na autora como persoa neofalante e consumidora de música en galego, ademais de que, cada vez de forma máis habitual, se atopa no seu entorno con persoas falantes tanto de galego como de castelán que tamén escoitan música neste idioma.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. O GALEGO: IDIOMA EN PERIGO DE EXTINCIÓN?

2.1.1. Contexto histórico

Para comprender a situación que está atravesando a lingua galega na actualidade, cómpre coñecer cal foi a súa evolución histórica, e algúns dos diversos obstáculos aos que tivo que facer fronte ao longo dos séculos.

Un dos primeiros acontecementos que colocaron ao galego nunha posición de inferioridade, foi a substitución da aristocracia e nobreza galegas polas castelás, o que provocou a relegación do galego ás clases populares. Comeza así un período de decadencia para o idioma, os Séculos Escuros (XVI-XVIII), no que a lingua consegue sobrevivir unicamente a través da transmisión oral entre o campesiñado (Pardo-Vuelta, 2015). Ao non estar institucionalizada e non ter unha normativa relativa ao seu uso, perdeu a posibilidade de ser lingua para a imprenta, desaparecendo así da escritura (na que se empregaba castelán ou latín). Durante esta etapa, a Igrexa tamén repercutiu negativamente sobre o galego, xa que a parte de transmitir a palabra de Deus, tiña o monopolio da educación, impondo o castelán aos máis cativos/as. Esta institución perderá peso coa chegada da Idade Contemporánea, debido a un aumento da lealtade ao rei, ás leis e á nación con respecto á fe. Ao comezar o século XIX, co desenvolvemento dos estados nacionais, búscase crear un espazo económico unificado. A homoxeinización lingüístico-cultural convértese nunha necesidade, aniquilando as representacións culturais dos territorios periféricos. A raíz desta situación trágica para o galego prodúcese un despertar dunha élite cultural, que fai que as comunidades periféricas reaccionan fronte a estas políticas, e será entón cando a lingua si se comece a considerar un elemento identitario e un ben cultural do pobo (Monteagudo, 2002).

Avanzando máis no tempo, coa chegada da ditadura franquista no século XX, o idioma volve a sufrir unha represión moi similar, sendo o castelán a lingua promovida polo Estado. Pero aínda así, de novo, estes ataques cara ás culturas non hexemónicas alimentaron os movementos sociais que reivindicaban o dereito do seu uso. Ademais, o illamento do mundo rural e de Galicia en xeral, complicou a imposición do español, sobre todo nos ámbitos máis privados (Rei-Doval, 2007).

Non obstante, aínda que o proceso de urbanización en Galicia fose tardío, a súa chegada provocou unha diminución da poboación galegofalante, como explica Ramallo (2012):

Moitas familias procedentes do medio rural, na súa inmensa maioría falantes de galego tradicional, entraron en contacto coa cultura urbana e, nun afán de integrarse canto antes, acomodáronse ao sistema de referencias propio das cidades, entre os que o español era un ingrediente máis da modernidade pola que apostaran. Así, estes falantes incorporan o español ao seu repertorio comunicativo, non só nos rexistros máis formais senón, e isto é o máis relevante, tamén nos informais, incluída a transmisión lingüística familiar (p.168).

O galego, xa inaugurada a democracia, acabou asociándose a unha imaxe dunha Galicia tradicional, rural e campesiña a raíz deste proceso de modernización, o que provocou o desprestixio do idioma, percibindo o castelán como a lingua máis válida (Bouzada, 1993), e sendo un estigma que se arrastra ata os nosos días.

Tras esta análise do galego a través dos séculos e das diversas adversidades que tivo que afrontar, pasaremos agora a estudar cales son as problemáticas actuais polas que está a pasar a lingua, e a súa evolución en diferentes aspectos.

2.1.2. Situación actual

Todos os sucesos explicados no apartado anterior tiveron efectos negativos sobre a transmisión lingüística que chegan ata os nosos días. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2018 un 14,3% dos rapaces/as de 5 a 14 anos falaban galego sempre, fronte a un 44,1% que se comunicaban sempre en castelán. Se observamos o que sucede na poboación máis envellecida a situación é moi distinta: o 48,5% dos individuos empregan sempre a lingua galega, mentres o 13,7% falan sempre en castelán. Isto amosa claramente a situación de perda lingüística pola que está a pasar a nosa comunidade.

Se atendemos á definición de bilingüismo, dende unha perspectiva individual, este consiste na capacidade que pode ter un suxeito para comunicarse coa mesma ou semellante facilidade en dúas linguas distintas. Pero realmente, este fenómeno non adoita ser un caso illado, senón que debemos entendela no nivel social. Unha sociedade é considerada bilingüe cando a maior parte dos seus membros empregan normalmente dous idiomas como medio de comunicación (Siguán, 1976). Tendo isto en consideración, non podemos falar de Galicia como un territorio bilingüe, xa que, volvendo a datos do IGE, en 2018 só un 23,7% da poboación galega afirma que aprendeu a falar en ambas linguas durante a súa infancia, e se observamos o caso específico dos rapaces/as de 5 a 14 anos, esta cifra xa ascende ao 29,2% (sendo só un 18,9% os criados en galego fronte a un 49,5% educados en castelán). En canto á lingua na que os cidadáns se desenvolven mellor, tamén en 2018, no colectivo de 5 a 14 anos existe unha elevada diferenza entre o nivel de galego e o de castelán, e só un 28,6% declara desenvolverse nas dúas por igual. Recollendo o total da sociedade galega, esta cifra soamente aumenta arredor dun punto porcentual, o que confirma que non é moi correcto afirmar que Galicia sexa bilingüe (ver táboa I).

Táboa I: Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor actualmente para falar por idade. Galicia e provincias.

	Galego	Castelán	Nas dúas igual
De 5 a 14 anos	13,1	58,4	28,6
De 15 a 29 anos	18,6	43,3	38,2
De 65 ou máis anos	57,5	21,4	21,1
Total	34,4	36,1	29,5

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (2018).

Incluso se observamos os datos sobre o uso do galego na Universidade da Coruña extraídos do estudo de Ferreira (2020), veremos como neste contexto, onde ademais practicamente a totalidade dos suxeitos son persoas novas, a cifra dos individuos que aprenderon a falar só en galego cando eran nenos é inferior ao total da sociedade galega (1 de cada 5 na UDC respecto a 2 de cada 5 en Galicia) (p. 58).

Polo tanto, sendo o galego unha lingua cooficial no Estado, e que en teoría debería ser tan válida para expresarse coma o castelán, semella que seguen a manterse certos prexuízos lingüísticos que poñen en perigo a súa supervivencia como idioma.

Neste contexto que semella crítico para o galego, sobre todo entorno á reprodución do mesmo dentro do ámbito familiar, pode resultar interesante prestarlle atención a un fenómeno como o neofalantismo. En Galicia, o termo neofalante fai referencia aos individuos que son criados/as falando español, pero que con posterioridade (habitualmente na adolescencia ou durante a xuventude) pasan a ser galegofalantes, en moitas ocasións debido a factores políticos, ideolóxicos e/ou socioculturais (O'Rourke & Ramallo, 2013, como se citou en Fernández, 2019, p.17). É de gran relevancia destacar o escenario no que se desenvolven este tipo de movementos, posto que o neofalantismo nace a raíz dunha situación de minoración lingüística, en forma de protesta ou loita, tratando de dignificar un idioma historicamente desvalorizado, e superar as desigualdades sociais (Ramallo, 2018). Segundo O'Rourke e Ramallo (2015):

Eles constitúen un perfil de falante que comeza a emerxer na década de 1960. Este perfil foi consolidado no contexto de cambios sociopolíticos en Galicia dende a década dos 80, e en certa medida, por políticas lingüísticas máis favorables para algunhas das outras linguas de España (incluíndo o galego, o euskera e o catalán), e no contexto da transición española á democracia (p. 149).

Estas persoas que deciden de forma activa comezar a falar galego poden supoñer a apertura de novos camiños para a conservación do idioma, xa que cada vez menos rapaces/as son educados en galego, como observamos nas estatísticas anteriormente analizadas.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) foi aprobado no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, é dicir, hai practicamente dúas décadas. Se nos detemos sobre as medidas propostas para as diversas áreas nas que se trata de promover o idioma, moitas delas son propostas tal vez pouco realistas, ou nas que non se especifica unha estratexia concreta para a súa execución. Empregando como exemplos medidas da área de “lecer e tempo libre”, focalizadas sobre todo en aspectos algo máis relacionados co ámbito musical ou cultural, podemos centrarnos na medida 6.6.10., que establece “incorporar a produción cultural galega aos espazos de lecer e impulsar a aparición en galego de manifestacións dos xéneros e estética que hoxe teñen éxito entre rapaces e mozos urbanos”, ou a medida 6.6.12., na que se propón “incorporar, con formas radicalmente novas, a riqueza lingüística e o patrimonio cultural de Galicia ás actividades de lecer destinadas á xente nova ou urbana”. Vemos, pois, que en ambos casos se elaboran propostas sen explicar como se levarán a cabo na práctica. Ademais, o feito de que o plan non se actualizase dende o 2004, fai visibles certas carencias do mesmo, como a ausencia de certas áreas ou medidas máis orientadas a tecnoloxías e redes sociais que teñen un gran impacto nos nosos días, ou a presenza de información

que xa non se pode afirmar na actualidade, posto que a realidade mudou. Un exemplo deste último argumento son dúas fortalezas da lingua que se expoñen como “realidades sólidas e esperanzadoras” no prólogo do plan, que son as seguintes: “non atopamos actitudes de hostilidade cara á lingua”, e “os galegofalantes habituais son maioría en Galicia”.

Algo semellante acontece co Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022. Na área de “industrias culturais” atopamos propostas como a IC.3, que establece “promover a creación e a produción cultural en lingua galega, e fomentar a súa calidade e diversificación”. Unha vez máis trátase dunha medida pouco clara, xa que non se explica como se vai a promover esa creación e produción cultural, como se fomentará a súa calidade e diversificación, nin con que fondos se levará a cabo.

Losada (2012) explica que os resultados desiguais das políticas lingüísticas en Galicia débense a diversos erros cometidos nas mesmas, entre eles a falta de control dos resultados das medidas impostas (p. 279). Asemade, o goberno autonómico dende o ano 2009 levou a cabo un recorte significativo nos orzamentos dedicados á política lingüística (cunha redución do 7,38%), o cal tampouco beneficiou á promoción e conservación do idioma (p. 285).

A pesar de que despois de amosar toda esta información, a situación do galego na actualidade poida semellar moi negativa, tamén é relevante non esquecer que coa transición á democracia houbo melloras en certos aspectos vinculados á percepción e estigmatización da lingua. A proliferación de novos artistas que crean música no idioma cooficial é un exemplo dun panorama máis favorable e optimista, pero trataremos en profundidade este tema no último epígrafe desta revisión teórica.

2.2. A DEFINICIÓN DA IDENTIDADE E A SÚA VINCULACIÓN CON ELEMENTOS CULTURAI

Despois de analizar como foi a evolución do uso do galego ao longo da historia, e sobre todo nos últimos anos, vemos como o idioma se trata dalgo máis que un medio de comunicación, xa que forma parte da identidade dos suxeitos. Non é doado establecer una definición de “identidade”, pero esta é popularmente percibida como un conxunto de elementos, entre os cales podemos atopar o traballo, os “hobbies”, as posesións, afiliacións políticas, asociación a certos grupos, a relixión ou a nacionalidade entre outros. Se tomamos esta última como referencia, dentro dela podemos incluír toda unha serie de “artefectos culturais” como poden ser a lingua ou a música, que serán as que abarcaremos na nosa investigación. A identidade e o nacionalismo poden ser entendidos como conceptos separados en moitas ocasións, pero a súa interrelación é innegable (Prendergast, 2021). Segundo Eric J. Hobsbawm (1994) “«identificarse» con algunha colectividade é o dar prioridade a unha identificación determinada sobre todas as demais, posto que na práctica todos nós somos seres multidimensionais” (p. 5), e a identidade primordial que a maioría das persoas escollen é a territorial. Galicia e a súa poboación polo tanto teñen unha identidade propia, fortemente marcada por atributos culturais como a lingua, de aí a relevancia do estudo das súas prácticas culturais e lingüísticas como sociedade. A continuación analizaremos o nexos entre o idioma e a música como propulsores identitarios de gran relevancia, mantendo unha forte interconexión entre os dous no presente traballo.

2.2.1. Lingua

A lingua é un elemento cultural fundamental, chave na formación da identidade nos grupos sociais, posto que crea unha rede de comunicación entre os integrantes dos mesmos. Esta rede é indispensable, xa que permite a relación entre os individuos a través da linguaxe, ademais de establecer unha base emocional e de ser un símbolo que indica a pertenza a un grupo étnico (Enériz, 2019, p.14). Con respecto a isto último, Alexandre Peres (2022) analiza a ocultación da galegitude na produción literaria do século XVII, un trazo que acompañou o estereotipo dos galegos no centro-sur peninsular naquela época, e explica que, “en tanto que trazo antropolóxico caracterizador, o papel da lingua resultou especialmente influente nos mecanismos de ocultación, quer como un factor revelador de identidades, quer como un elemento que posibilitaba a adscrición nacional a outros colectivos” (p. 175). Resulta evidente pois, tendo en conta o obxecto de estudo da presente investigación, a relevancia de comprender a relación existente entre a lingua e a sociedade, e non abordar a linguaxe como un elemento illado que simplemente serve para o intercambio de información.

Esta conexión entre a lingua e o seu contexto social constitúe a base da sociolingüística, que será unha das ramas da socioloxía nas que se encadrará este estudo. Esta pode abarcar dende os diversos dialectos que presenta un mesmo idioma en diferentes localidades, ata como poden influír variables como o xénero, o estatus ou a etnia na fala dos individuos (Van Herk, 2012).

No epígrafe anterior, a través do repaso de certos sucesos históricos que viviu o galego, comprobamos algúns dos efectos que pode ter o tramado social no desenvolvemento do idioma. Acontecementos políticos como a ditadura, transformacións a nivel territorial como o proceso de urbanización da comunidade, ou cambios lexislativos no plano educativo poden ter unha gran repercusión lingüística. A familia por exemplo é unha institución social clave para a transmisión interxeracional dunha fala, sobre todo no caso de idiomas minoritarios como o galego. A sociolingüística dende os seus inicios tomou esta institución como central á hora de analizar os procesos de mantemento e substitución lingüística. Aínda así, hai que ter en conta moitos outros factores sociais que inflúen na muda ou permanencia dunha fala, posto que a familia non actúa de maneira independente (Ramallo, 2012). O mesmo Ramallo (2010) explica o impacto dos neofalantes na conservación dun idioma:

Para medir a retención lingüística é fundamental o cruzamento entre lingua materna/lingua habitual e lingua en que se lles fala aos descendentes. Se optamos por un cruzamento como este, observaremos que o índice de retención do galego é moi alto, como teremos oportunidade de mostrar. E isto é así porque hai unha parte importante da poboación nova que aprendeu a falar en castelán pero que se converteu en neofalante do galego, e cando estes neofalantes teñen descendencia optan maioritariamente por transmitirle esta lingua. Por iso, como xa se dixo, no caso de Galicia, e tamén noutras situacións, os neofalantes, coas súas referencias identitarias, constitúen un grupo social esencial para entender a situación da lingua (p. 13).

Toda a represión, marxinação e ataques sufridos polo galego desembocaron en que a día de hoxe ser neofalante se convertese nalgo político e sobre todo identitario. Non se pode polo tanto desvincular neste contexto o idioma da identidade. Se na actualidade a lingua galega se atopa nunha situación crítica non é por un conxunto de decisións individuais e independentes, senón pola construción de toda unha serie de prexuízos e estigmas que alimentaron o rexeitamento dos galegos e galegas cara a súa propia fala. Neste ambiente desfavorable, o neofalantismo emerxe como unha alternativa que reivindica o prestixio do idioma, entendendo este como un elemento que aumenta a riqueza cultural do pobo galego, e o sentimento de pertenza á comunidade.

2.2.2. Música

A música será o outro elemento cultural que se tomará como central xunto coa lingua nesta investigación, comprendendo tamén a súa influencia sobre a identidade ben sexa grupal ou individual. Fernán del Val (2022) distingue a socioloxía da música da socioloxía musical, percorrendo o traballo levado a cabo no campo por outros autores previamente. O concepto de “socioloxía da música” (que se podería estender á “socioloxía da cultura”), toma a creatividade e a arte como produto das relacións sociais que se reflicten na obra artística, é dicir, considera que estas por si solas non existen, senón que dependen do entramado social no que se encadran. Non obstante, Del Val (2022) amosa outra perspectiva ao falar de “socioloxía musical”, xa que esta estuda como a música forma parte das nosas relacións sociais. O que se tenta explicar con isto é que os seus efectos poden ir máis aló do “musical”, como a xestión de emocións, recordos, o uso do corpo... e tamén a construción da identidade. Polo tanto, dende este punto de vista a música deixaría de ter unha relación de dependencia coa sociedade para xerar unha interdependencia entre ambas. Podemos apoiar estas teorías tamén a través do estudo de Jaime Hormigos e Antonio Martín (2004):

A música foi sempre unha forma de expresión cultural dos pobos e das persoas a través da que se expresa a creatividade. A música é unha arte, pero as manifestacións musicais van unidas ás condicións culturais, económicas, sociais e históricas de cada sociedade. Para poder comprender un tipo de música concreto é necesario situalo dentro do contexto cultural no que foi creado, xa que a música non está constituída por un agregado de elementos, senón por procesos comunicativos que emerxen da propia cultura. A música ten como finalidade a expresión e creación de sentimentos, tamén a transmisión de ideas e dunha certa concepción do mundo (p. 260).

Ademais, no seu traballo, Hormigos e Martín (2004) poñen o foco sobre a mocidade e como a música contribúe á formación da identidade xuvenil. Os autores afirman que esta é crucial para a conformación do seu universo simbólico, e lígano co termo de “tribu urbana”, definíndoa como “un estilo subcultural, encarnado por diversos grupos de xóvenes en momentos sociais e históricos diversos” (p. 267). Algúns exemplos destas subculturas poderían ser os “hippies”, “skin-heads”, “punkies” ou “rappers”. Non obstante, afirman que existen outros elementos como a moda ou o cine, que tamén poden marcar a identidade da mocidade, incluíndo dentro desta esfera identitaria os hábitos lingüísticos. Un exemplo aplicado á sociedade galega é a investigación de Sol Vilas (2022)

entorno ao programa infantil Xabarín Club, na que a través dunha enquisa extrae información de gran interese:

Un 80,2% dos informantes concorda completamente con que o programa favoreceu a galeguización dunha parte da sociedade e só un 0,4% manifesta o seu total desacordo. Ademais, unha porción do 78,8% estima que o Xabarín Club foi un elo fundamental para a difusión da cultura galega. Por outra banda, máis de 200 informantes declaran ter mudado de lingua ao longo dos anos. Unha porcentaxe do 25,6% pensa que o programa Xabarín Club supuxo un incentivo neste cambio de lingua, mentres que un 31,6% opina que influíu parcialmente (p. 157).

Estes datos confirman polo tanto que a música, a moda, ou neste caso os medios de comunicación teñen certa influencia na identidade das persoas, xa que poden promover unha cultura e incluso un idioma. Que máis da metade dos neofalantes desa xeración afirmen que o Xabarín Club incentivou, aínda que fose parcialmente, a súa muda lingüística, é un apoio máis para o presente estudo, contribuíndo á xustificación elaborada na introdución. Se un programa de televisión pode influenciar positivamente no uso do galego, as producións musicais na lingua cooficial tamén poderían seguir un patrón similar.

Tendo en conta toda esta información, a música en galego estará ligada ao contexto da comunidade, e tamén á historia e problemáticas que estea atravesando a lingua. Cos cambios políticos, culturais e sociais que se deron en Galicia durante o século XX e que chegan ata a actualidade, a identidade cultural do pobo viuse diluída e fragmentada. É esta a razón pola que xorden novas tendencias, neste caso musicais, que tratan de adaptarse á realidade do século XXI (Senín, 2021). O Consello da Cultura Galega a través dunha radiografía sobre os hábitos de consumo culturais da cidadanía galega en 2023, amosou que na nosa comunidade existe unha maior asistencia a concertos de música en directo ou festas populares, en comparación co resto de España (Galicia Press, 2023). Isto corrobora de novo a importancia e presenza da música no noso territorio, sendo esta un elemento cultural e identitario que podería contribuír á conservación do galego.

De todas formas, ao analizar os fenómenos musicais en relación á esfera social hai que abarcar outros campos, como pode ser o económico. A música actual, ao igual que outros tipos de producións artísticas, adáptase ás condicións socioeconómicas do momento, xa que todos estes elementos culturais convertéronse en bens comercializables, e a arte nunha industria. Nun sistema capitalista onde se trata de explotar e monetarizar un abano de produtos cada vez maior, a creación musical acaba baseándose na rendibilidade económica obtida por esta mercantilización. Os mecanismos e procesos creativos mudan coa industrialización para transformar os bens culturais en obxectos de consumo, apoiados por técnicas de márketing que contribúan á súa venda (González, 2015, pp. 558-559).

A parte do compoñente económico das actividades creativas, tamén é destacable a súa distribución espacial. Amoedo e González (2020) falan sobre a concentración xeográfica das mesmas, e recollen os tres factores clave que Richard Florida emprega para explicala. En primeiro lugar, un elevado desenvolvemento tecnolóxico potencia o crecemento económico, e isto pode aplicarse ás industrias

culturais. As rexións que teñen un maior coñecemento e acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación presentan unha clara vantaxe sobre aqueles territorios que dispoñen de menos recursos para potenciar os bens culturais. En segundo lugar, é importante para o afloramento das actividades artísticas que exista un ambiente de respecto co modo de vida dos individuos, é dicir, tolerancia. Por último, o talento é un factor produtivo clave, xa que sen a formación e as aptitudes dos suxeitos as creacións artísticas non serían posibles. Todo isto leva a que este tipo de actividades acaben aglomerándose sobre todo nos núcleos urbanos, e en moitas ocasións que os talentos acaben desprazándose do seu lugar de orixe, ben porque alí non teñen oportunidades para seguir formándose, ou ben porque nestas entornas non existe a mesma tolerancia que pode haber nunha cidade.

Tendo en conta todos estes factores, podemos comprobar que o auxe que está experimentando a música en galego na actualidade está condicionado por toda unha multitude de elementos que se entrecruzan, dando lugar ao contexto social no que nacen estas propostas musicais. No seguinte epígrafe afondaremos sobre as características da industria musical galega dos nosos días a través de diversos exemplos.

2.3. OS ÚLTIMOS ANOS DA MÚSICA EN GALEGO: DÚAS VERTENTES DO PROCESO MODERNIZADOR

A música en galego non é un fenómeno de recente emerxencia, senón que ten unha longa tradición e historia. A pesar do papel transcendental que esta tivo para a comunidade ao longo dos séculos, Romero (2017) recalca a falta de investigacións arredor desta representación cultural. Na súa obra introduce algúns dos símbolos máis salientables da música tradicional galega:

Mentres a representativa *muiñeira* é un dos ritmos máis coñecidos que incorpora melodías populares e danzas de corte campesiño ou mariñeiro, as gaitas e as pandeiretas influenciaron outra vertente da música popular en Galicia. A partir dos anos 70 o rexurdimento da música galega doulle un papel preponderante á gaita que, como Xelis de Toro suxeriu, colocouna en posición dominante na música galega e converteuna no símbolo de galegitude ao borrar as fronteiras entre o espazo rural e os mercados de masas (p. 314).

A través do documental “Sexamos celtas” (Valverde, 2016) recollemos máis información sobre a historia do mundo musical galego, coñecendo figuras e influencias importantes, como Alan Stivell, os Irmáns Portela, ou Emilio Cao¹. Tamén no filme fan referencia ao festival intercéltico de Ortigueira, nacido no 1978 grazas a Xavier Garrote (director por aquel entón da escola de gaitas de Ortigueira). A pesar das dificultades que o evento tivo que afrontar, este segue sendo moi exitoso a día de hoxe, acollendo a unha enorme cantidade de asistentes de distintas procedencias, e promovendo a cultura musical galega.

¹ Emilio Cao comprou unha arpa céltica nunha tenda de instrumentos de segunda man na Coruña, e marcou un antes e un despois co seu disco “Fonte de Araño” (1977) influíndo en artistas posteriores. El mesmo foi o primeiro galego que levou esta música rexional a Madrid, e tivo un enorme éxito.

Non obstante, a música en galego non se trata só de cancións tradicionais. Se nos desprazamos cara as décadas de 1990 e dos 2000, a lingua cooficial está presente en xéneros como o rock ou o hip hop. Así pois, é imprescindible falar do “rock bravú”, un movemento cultural difícil de definir, pero que ten como elementos clave “o galego e a distorsión”. Galego porque este estilo sempre se expresou no noso idioma de forma normalizada, amosando como este se podía empregar na música que consumían a diario, e distorsión porque mesturaban a música popular da época coa tradicional (Barros, 2021, p. 85). Os Diplomáticos de Monte Alto son un dos grupos máis importantes dentro desta escena, encabezados por Xurxo Souto, ou os Heredeiros da Crus, que chegaron incluso a poñerlle voz á banda sonora do Xabarín Club (Vilas, 2022). En canto ao hip hop, tamén nestas décadas xurdiron grupos que tiveron e teñen unha gran repercusión como Dios Ke Te Crew ou Rebeliom do Inframundo.²

Sen todos estes antecedentes non sería posible falar dun panorama musical tan amplo e diverso na actualidade en Galicia.³ A presente investigación centrarase nestes últimos anos, polo que analizaremos os sucesos máis destacables e veremos os/as artistas e grupos que representan a música en galego hoxe en día. Para clasificalos, decidimos dividir o bloque en dúas vertentes: o “neotradicional”, e as producións musicais en galego que apostan pola cotiandade das temáticas e dos xéneros.

2.3.1. O “neotradicional”: unha renovación da tradición galega a través de novos ritmos comerciais

Denominaremos neotradicional á fusión da música tradicional galega con xéneros de carácter máis comercial. A través desta mestura de estilos conséguese unha adaptación da música popular a novos públicos e contextos, integrando así recursos de distinta procedencia, como pode ser o caso de Baiuca, que establece unha conexión entre a tradición e a música electrónica, buscando o equilibrio entre ambas mediante o *sampling* (utilización de cancións preexistentes como base ou estrutura de novos temas) (Pérez-Borrajo & Matas de Íscar, 2022). Como máximo expoñente desta corrente temos ao grupo Tanxugueiras, integrado por Aida Tarrío e as irmás Olaia e Sabela Maneiro. Elas mesmas se definen como “a (r)evolución da música tradicional galega”, e marcaron un antes e un despois no panorama musical da comunidade, sendo as favoritas do público no Benidorm Fest 2022 coa súa canción “Terra”. Ademais, en decembro de 2023 convertéronse nas primeiras cantareiras galegas capaces de encher o Coliseum da Coruña, acollendo arredor de 9.000 persoas. Outros/as artistas que podemos destacar dentro desta vertente son Fillas de Cassandra ou Mondra, que publican os seus primeiros álbums en 2023, ambos producidos por Berto (antigo integrante do grupo Verto). Estes tiveron sen dúbida unha exitosa acollida, levándoos a tocar en festivais como o Emigrason, o Son do Camiño, Revenidas, etc.

2 Para máis información, consúltese <https://hiphopemgalego.wordpress.com/2023/07/30/os-11-primeiros-grupos-de-rap-en-galego/>

3 Enlace a playlist de Spotify que inclúe cancións de diversos grupos e artistas que fan música en galego: https://open.spotify.com/playlist/0TZCviTLN4MgbFyvXgYnwo?si=x5R-8kITQNC_7MhIWMsqRA&pi=eVhBUcPpR2qVw

2.3.2. A normalización do idioma a través da cotiandade das temáticas e a ampliación dos xéneros

Como xa explicamos con anterioridade, a música en galego de carácter máis “urbano” presenta décadas de traxectoria. Non obstante, algo que diferencia as producións musicais actuais das precedentes é a apertura a novas temáticas. Obviamente as cancións de rock ou hip hop galego dos 90s e 2000s abarcaban asuntos variados, pero en moitos casos a música estaba marcada por fortes mensaxes políticas e a exaltación da cultura galega (como por exemplo os temas do grupo Dakidarría). Mesmo grupos máis recentes como Ezetaerre ou Son Da Rúa apostaban pola crítica social na maioría das súas letras. Nos últimos anos observamos como, ademais de crearse cancións en galego pertencentes a un gran abano de xéneros (como poden ser o trap, o tecno ou o indie), o idioma utilizouse para afondar nunha gran variedade de eixos temáticos, como poden ser o amor, a amizade, as emocións ou as festividades. Isto non significa que se deixase a un lado a música como protesta social ou como reivindicación do galeguismo, pero un colectivo cada vez maior de artistas galegos/as optan por amosar outras esferas da realidade que se reduzan máis ao simple desfrute. Un claro exemplo disto foi o grupo Verto, formado por Alberto Mira e Fernando Peleteiro, que a pesar de só estar xuntos dende o 2019 ata o 2021, deron grandes pasos dentro do panorama musical galego tras o *boom* do seu tema “Oie Gayego” (2020). O seu primeiro EP co título “Puro Ocio” (tamén do ano 2020), reflicte perfectamente este “hedonismo musical”.⁴ Eles mesmos nunha entrevista explican que o concepto do álbum é “musica para pasalo ben e punto” (Nós Diario, 2020).

Outros grupos ou artistas aos que podemos facer referencia dentro deste bloque son Grande Amore, Boyanka Kostova⁵, Bratzantifa ou The Rapants.⁶ A través das súas letras, estes músicos contribúen á normalización da lingua galega, posto que esta é empregada coma outro idioma calquera para facer música cotiá, chegando así a un público máis amplo, e promovendo a difusión do galego.

4 *Quero música que me faga bailar / Que me faga disfrutar / Que me faga sentir que a vida é algo máis que pelexar*, en “Puro Ocio” (Verto, 2020).

5 Caracterizados polo seu “trap rural” no que levan o costumismo do agro a este xénero urbano en cancións como “Leiraz” (Senín, 2021).

6 The Rapants é unha banda de indie formada no 2018 que tras varios anos activos no mundo musical, compoñendo diversos discos (como “Cariña de Raposo” ou “O Corasón Como Un After”) e tocando en numerosos festivais, acadaron un gran éxito entre a xuventude galega, enchendo a sala Capitol de Santiago de Compostela dous días consecutivos en marzo de 2024.

3. HIPÓTESES

Neste epígrafe serán expostas cinco hipóteses (H) coas que se traballará ao longo deste estudo, para finalmente aceptalas ou refutalas. Todas elas estarán relacionadas cos obxectivos da investigación, creando así un fío conector que aporte congruencia ao traballo. As hipóteses en cuestión son as seguintes:

- H₁: Os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas.

A través da información plasmada no marco teórico vimos como a lingua e a música son elementos culturais que teñen un forte impacto na identidade dos individuos. Nesta hipótese cruzamos ambos elementos, tratando de comprender a influencia da identidade galeguista sobre o consumo de música no idioma cooficial.

- H₂: Unha elevada cantidade de oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego a miúdo.

De novo, tomando a lingua e a música como elementos culturais e identitarios, queremos comprobar a incidencia da identidade galeguista sobre a escoita de cancións en galego, asociando agora esta identidade exclusivamente á fala. É posible que a través da escoita de música neste idioma, moitos falantes de galego se sintan representados pola mesma, ao ser tanto a lingua como a música “artefectos” que contribúen á construción do seu universo identitario.

- H₃: Gran parte dos consumidores de música en galego falantes de castelán son potenciais neofalantes.

Seguindo na liña das hipóteses anteriores, o que queremos averiguar neste caso é se o consumo musical pode ter algún impacto sobre os usos lingüísticos das persoas. No seu estudo, Sol Vilas (2022) comprobou que unha porcentaxe considerable dos espectadores do Xabarín Club afirmou que o programa si tivo algún tipo de influencia na súa muda lingüística de castelán a galego. Polo tanto, no ámbito musical podería reproducirse unha situación semellante.

- H₄: A proliferación de artistas emerxentes que crean propostas innovadoras dentro da industria musical galega, provoca un aumento no número de persoas novas que escoitan cancións no idioma cooficial.

Tendo en conta a importancia da música como elemento identitario, debemos facer fincapé na variedade de estilos musicais existentes. O traballo de Hormigos e Martín (2004) facía referencia á relación entre a música e as “tribus urbanas” na mocidade, vendo como estes colectivos se conforman en contextos sociais nos que nacen diversos xéneros musicais cos que articulan a súa identidade. A lingua é un elemento que tamén pode contribuír á identificación dos suxeitos a través do seu uso nas cancións, pero non debemos esquecer que existen máis factores que poden influenciar negativa ou positivamente este consumo musical, como neste caso pode ser o abano de xéneros existente. Se existe un amplo “catálogo de produtos musicais” en galego será máis probable que as persoas atopen cancións ou artistas que se axusten aos seus gustos.

- H₅: O éxito acadado por parte de certos grupos e cantantes animou a outros/as artistas a apostar polo galego nas súas letras.

Tras o éxito acadado por parte das Tanxugueiras a nivel nacional, ou por Verto nun plano máis autonómico, comezou a deconstruírse a idea de que a música en galego ou tradicional non podía ser comercial, e non permitía chegar a un público extenso. Polo tanto, é posible que artistas coma elas/es abrisen camiños para a creación artística en galego, atopándonos cada vez cun panorama máis amplo e diverso, e sobre todo cunha mocidade creadora que aposta pola lingua da comunidade.

Táboa II: Relación entre os obxectivos e as hipóteses de investigación

HIPÓTESES	OBXECTIVOS
H ₁ : Os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas.	Ox ₁ : Estudar se a escoita de música en galego pode impulsar a lingua e identidade galegas na poboación universitaria de Galicia.
H ₂ : Unha elevada cantidade de oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego a miúdo.	Oe ₁ : Contextualizar a situación do galego con respecto á diminución de xente galegofalante.
H ₃ : Gran parte dos consumidores de música en galego falantes de castelán son potenciais neofalantes.	Oe ₄ : Averiguar se existe un perfil ou perfís concretos de consumidores que escoiten esta música. Oe ₅ : Abrir liñas de investigación relacionadas con novos métodos de normalización lingüística.
H ₄ : A proliferación de artistas emerxentes que crean propostas innovadoras dentro da industria musical galega, provoca un aumento no número de persoas novas que escoitan cancións no idioma cooficial.	Ox ₂ : Comprobar se a innovación e diversidade que está a medrar dentro do panorama musical galego provoca un aumento no número de oíntes xóvenes.
H ₅ : O éxito acadado por parte de certos grupos e cantantes animou a outros/as artistas a apostar polo galego nas súas letras.	Oe ₂ : Analizar os acontecementos máis destacables dos últimos anos da música en galego. Oe ₃ : Coñecer as motivacións dos artistas emerxentes galegos para crear música na súa lingua.

Fonte: elaboración propia

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se empregou para a investigación foi mixta, integrando polo tanto técnicas cualitativas e cuantitativas. Os motivos polos cales nos decantamos por esta modalidade son os seguintes: por unha parte, en base aos obxectivos e hipóteses do traballo, utilizar un método mixto parece o máis acertado e coherente; e por outra, combinar ambas análises implica estudar a temática dende diferentes perspectivas, extraendo diversos datos e información que axuden a coñecer o tema de forma máis exhaustiva. Para elo, no nivel cuantitativo elaboramos unha enquisa online, e no nivel cualitativo levamos a cabo 3 entrevistas. É importante facer fincapé na orixinalidade non só temática desta investigación, senón tamén metodolóxica, posto que non existen moitos estudos sociolingüísticos en galego que opten por un método mixto.

4.1. Cuestionario e deseño mostral

O cuestionario co que traballamos na investigación foi dirixido á poboación universitaria galega, é dicir, aos estudantes da Universidade da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo) (incluíndo os campus de Ferrol, Lugo, Pontevedra e Ourense). Os motivos desta selección foron varios. En primeiro lugar, a gran maioría dos estudantes universitarios son persoas novas de entre 18 e 30 anos, que é a poboación que nos interesa para o noso estudo. En segundo lugar, difundir a enquisa entre toda a mocidade galega resultaría nunha mostra demasiado grande para abarcar neste traballo. Por último, decidiuse aplicar o cuestionario nas tres universidades galegas, en lugar de só na UDC, para obter unha maior pluralidade xeográfica, cun estudantado procedente das diferentes provincias da comunidade.

Para facer chegar esta enquisa aos universitarios/as, o formato da mesma foi online, elaborada través da plataforma de *Formularios de Google*. Facendo uso da lista de correos electrónicos do alumnado das tres universidades, esta foi difundida de forma rápida e sinxela, reducindo os custos ao mínimo. Tendo en conta que as persoas que responderon o cuestionario son mozos/as, practicamente a súa totalidade ten os medios e coñecementos necesarios para poder cubrila, xa que dispoñen de teléfonos móbiles. A maiores, outro aspecto positivo a destacar deste formato, é que a non presenza do entrevistador(a) favorece a resposta sincera por parte dos usuarios ao ter unha maior sensación de anonimato (Díaz de Rada, 2012).

O tipo de mostraxe levado a cabo neste estudo foi unha mostraxe aleatoria simple, polo que non se levou a cabo ningunha afixación da mostra, empregando o total de casos recollidos ao pechar o período de resposta, que foron 454. Tendo en conta que a poboación total do sistema universitario galego no curso 2022/2023 era de 55.768 estudantes segundo os informes das tres universidades (13.578 persoas da UDC, 23.951 da USC e 18.239 da UVigo), o nivel de confianza é do 95% e o erro absoluto do 4,6%.

En canto ás preguntas da enquisa, estas dividíronse en cinco bloques sendo o formato predominante das mesmas o dunha escala Likert (gradadas do 1 ao 5). O primeiro foi aquel relacionado cos usos lingüísticos dos individuos, a súa percepción da lingua e cultura galegas, e a súa identidade galega.

O segundo foi un breve apartado onde se extraerá información sobre a frecuencia coa que os/as participantes escoitan música en diversos idiomas, e onde se preguntará se son consumidores/as ou non de música en galego. A raíz desta última pregunta, automaticamente os usuarios/as foron dirixidos a unha sección ou outra da enquisa. Os que non eran oíntes de música en galego responderon un par de cuestións sobre as súas motivacións para non facelo, e a súa percepción con respecto ao tema, e os que si o eran contestaron unha serie de preguntas relacionadas cos seus hábitos musicais nesta lingua. O último bloque foi o que recolleu os datos sociodemográficos dos participantes, como o xénero ou a idade.

A través destas preguntas trataremos de aceptar ou refutar as hipóteses expostas no apartado anterior, e cumprir os obxectivos marcados ao inicio da investigación. Para verificar o seu cumprimento levaremos a cabo tres tipos de análises estatísticas: univariantes, bivariantes e multivariantes, empregando o programa IBM SPSS Statistics 20. Nas univariantes basearémonos no cálculo de medias, desviacións típicas, frecuencias e porcentaxes das diferentes variables. Nas análises estatísticas bivariantes levaremos a cabo o cálculo de chi cadrado (χ^2), e cando o seu nivel de significación sexa menor a 0,01 ou a 0,05 poderemos proceder a realizar unha análise de correspondencias múltiples (ou HOMALS), o que xa se encadraría dentro das análises multivariantes. Para avaliar se son adecuadas as dúas dimensións do gráfico de categorías conxuntas, analizarase nesta técnica o alfa de Cronbach de cada unha. Tamén se farán contrastes de medias ou ANOVAS, atendendo ao valor de F e significación estatística asociada ($p < 0,01$ ou $p < 0,05$). Por último, deseñárase un modelo de regresión loxística centrada na identificación de odds ratio significativas ($p < 0,01$ ou $p < 0,05$) das variables independentes sobre a dependente. A través da proba ómnibus, avaliarase o axuste global do modelo (atendendo a que $p < 0,01$ ou $p < 0,05$).

4.2. Entrevistas semiestruturadas

Como ben explicamos con anterioridade, a parte cualitativa está constituída pola análise temática de tres entrevistas en profundidade. Estas son semiestruturadas, é dicir, preparouse un guión cunha serie de cuestións a abordar durante a conversa, pero tratouse de deixar liberdade aos entrevistados/as para estenderse nas súas respostas, ou aportar información con respecto a temas relacionados que considerasen de interese, existindo así a posibilidade de que xurdan novas preguntas que enriquezan a investigación. O enfoque cualitativo deste traballo trátase dunha aproximación exploratoria: escolléronse informantes chave que complementasen a información cuantitativa con discursos sobre a influencia da música en galego nos usos lingüísticos. As persoas entrevistadas foron as seguintes:

- Rodri Míguez, que é un xornalista musical que se adica á divulgación de contidos en galego sobre festivais e música na plataforma TikTok. A través desta rede social publica vídeos nos cales fala sobre artistas emerxentes que fan música en galego, festivais da comunidade, entrevistas a músicos e grupos, certos debates ou polémicas arredor deste tipo de temáticas, etc. O tiktoker está tendo cada vez máis repercusión e seguidores, e a maiores, recentemente redactou o epílogo do libro “Galicia Musicalidade”, o cal reúne unha gran cantidade de artistas que compoñen música en galego.

- Mondra, artista emerxente que crea música en galego, e que se dá a coñecer sobre todo a raíz da publicación do seu primeiro álbum “Ardén” en 2023 (producido por Berto). As composicións que se escoitan dentro do mesmo podemos etiquetalas como “neotradicionais”, mesturando a música tradicional galega con estilos máis comerciais, dunha forma moi innovadora. En menos dun ano, o cantareiro forma parte do cartel de numerosos festivais da comunidade, apostando por un espectáculo potente que conta cun corpo de bailaríns e bailarinas, e cun público que é cada vez maior.
- Unha persoa universitaria consumidora de música en galego e galegofalante (empregaremos como nome Julia para manter o seu anonimato). Esta terceira entrevista aporta unha visión do tema dende a perspectiva do público, que ademais é particularmente interesante, posto que empezou a escoitar música en galego hai 12 anos e pode facer unha comparativa da situación daquel momento coa actual.

Resultan evidentes os motivos polos cales se seleccionaron a ditos entrevistados: os dous primeiros son informantes chave, teñen un forte vínculo co mundo da música galega actual, estando moi presentes no mesmo. Xunto coa última entrevista, obtivéronse diversos puntos de vista sobre o asunto, o cal fortalece o noso estudo. En canto ao formato das entrevistas, o encontro coa consumidora de música en galego e con Mondra leváronse a cabo de maneira presencial, e a conversa con Rodri Míguez tivo lugar de forma *online*, a través dunha videochamada, debido á imposibilidade do xornalista de asistir presencialmente. Tamén, é importante recalcar que tanto Mondra como Rodri Míguez deron permiso para non anonimizar as súas entrevistas.

As preguntas están relacionadas con diferentes aspectos da súa carreira, cos seus usos lingüísticos, e coa súa visión sobre a música en galego actual entre outras, recompilando así información que nos axudase a aceptar ou refutar certas hipóteses da nosa investigación (véxase táboa III):

Táboa III: Obxectivos e hipóteses da investigación en relación coas preguntas do cuestionario e das entrevistas

OBXECTIVOS	HIPÓTESES	PREGUNTAS CUESTIONARIO	PREGUNTAS ENTREVISTAS: Mondra (PM), Rodri (PR) e Julia (PJ)
Ox ₁	H ₁	P4, P7, P10	PM7, PM11, PM16, PJ6, PJ7, PJ14
Oe ₁	H ₂	P1, P2	PM1, PM12, PJ4, PJ5, PJ11
Oe ₄ Oe ₅	H ₃	P3, P8, P11, P12	PR5, PR8, PR7, PR11, PR13, PR14, PM10, PM13, PM17, PJ8, PJ9, PJ10, PJ13
Ox ₂	H ₄	P5, P6, P9	PR9, PJ12
Oe ₂ Oe ₃	H ₅	P13	PR6, PR10, PR12, PR1, PR16, PM6, PM8, PM9, PM14, PM15, PM18, PJ15

Fonte: elaboración propia

5. ANÁLISE DE RESULTADOS: A nova música en galego como potenciadora da cultura rexional


Levaremos a cabo a análise de resultados estudando os datos obtidos a partir do cuestionario, contrastando isto ao mesmo tempo coa información recollida a través das entrevistas. En primeiro lugar, levarase a cabo unha caracterización da mostra para coñecer os atributos principais dos suxeitos que cubriron a enquisa, é dicir, aqueles relacionados cos datos sociodemográficos, que se corresponden co último bloque do cuestionario. Unha vez recollida esta información, continuarase coas demais análises estatísticas univariantes, para posteriormente realizar as análises estatísticas bivariantes e multivariantes sinaladas, incluíndo cando sexa pertinente fragmentos extraídos da análise temática das entrevistas, e deixando un último apartado no que engadir información adicional da análise cualitativa que sexa de relevancia para o estudo.

5.1. Descrición da mostra

O número de respostas recollidas na enquisa (n) é 454 persoas. Estas forman parte do total da poboación universitaria galega (N), que era de 55.768 estudantes no curso 2022/2023.

Dos 454 casos, un 68,2% son mulleres, un 27,6% son homes, e o 4,2% restantes son persoas de xénero non binario (véxase gráfico 1). A súa idade media sitúase nos 23,94 anos, cunha desviación típica de 7,99 anos, o que significa que hai unha gran marxe ou dispersión da idade tendo en conta que se trata dun sistema universitario.


Gráfico 1: Xénero (%)



Fonte: elaboración propia

A nacionalidade das persoas que responderon ao cuestionario é case na súa totalidade española (un 94,5%). O resto de casos encádranse dentro da dobre nacionalidade, neste caso española e outra (4,2%), e nacionalidade estranxeira (1,3%). Sobre o seu lugar de nacemento, o 89,9% dos participantes naceron en Galicia, un 4,8% noutra comunidade autónoma española, e un 5,2% noutro país (véxase gráfico 2).


Gráfico 2: Lugar de nacemento (%)



Fonte: elaboración propia

En canto aos datos relacionados cos seus estudos na universidade, unha gran parte dos individuos están a cursar un grao, concretamente un 76,7%, mentres un 13,7% están matriculados en mestrados e un 9,7% en doutoramentos. A universidade da que se obtivo unha maior taxa de resposta foi a UDC, sendo un 66,3% dos casos, seguida da USC cun 27,5%, e en último lugar a UVigo co 6,2%. Sobre a rama do coñecemento á que pertence a titulación cursada polos/as participantes, un 39,1% forma parte das ciencias sociais e xurídicas, un 18% son de ciencias da saúde, un 17,5% de enxeñaría e arquitectura, un 12,8% de ciencias, e un 12,6% de artes e humanidades (véxase gráfico 3).

Gráfico 3: Rama de coñecemento (%)



Fonte: elaboración propia


Por último, a pesar de que non sexa un dato sociodemográfico como tal, no último bloque do cuestionario incluíuse unha pregunta relacionada coa ideoloxía política dos enquisados/as, tratándoa como unha variable de escala Likert (do 1 ao 5), na que o valor máis baixo correspondía con extrema esquerda e o máis elevado con extrema dereita. A media das respostas foi de 2,13, cunha desviación típica estándar de 0,87, o que significa que a dispersión dos casos é moi baixa, agrupándose unha gran parte deles no valor 2, tendendo polo tanto a unha ideoloxía de esquerdas.

5.2. Análises estatísticas univariantes e verificación da hipótese relacionada co aumento do público debido á innovación no panorama musical galego (H₄)

Xa descrita a nosa mostra a partir do bloque sociodemográfico, pasaremos a comentar os datos pertencentes ao resto de apartados da enquisa, a partir de valores como a media, a desviación típica ou cálculo de porcentaxes.

O primeiro bloque, relacionado cos usos lingüísticos dos individuos, a súa percepción da cultura de Galicia, e a súa identidade galega, está composto de catro preguntas. A primeira fai referencia á lingua que falan habitualmente os suxeitos. O 24% dos enquisados/as falan galego sempre, un 13,7% fala máis galego ca castelán, o 8,6% falan ambas linguas por igual, un 32,4% fala máis en castelán que en galego, e un 20,5% castelán sempre. O 0,9% restantes falan outra ou outras linguas diferentes ao galego e o castelán (véxase gráfico 4).

Gráfico 4: Lingua falada habitualmente (%)




Fonte: elaboración propia

No caso da lingua materna empregada habitualmente no fogar por parte das familias dos enquisados/as existen algunhas variacións con respecto a estes datos. Un 33,3% afirma que se emprega sempre galego nas súas casas, polo que xa se comproba unha certa caída na transmisión do

idioma dentro da familia se o comparamos coa cantidade de individuos que manifestaron que falaban galego sempre, que eran o 24% dos participantes (un 9,3% menos). Isto apoairía a información incluída no marco teórico referente á reprodución do galego no contexto familiar, que afondaba tamén na cuestión do éxodo rural e como o movemento das familias cara as cidades fixo que os pais educasen aos seus fillos/as en castelán (Ramallo, 2012). As persoas en cuxos fogares se fala máis galego ca castelán constitúen o 9% da mostra, e galego e castelán por igual o 9,3%. Despois, un 19,6% dos individuos viven en fogares onde se fala máis castelán ca galego, un 27,1% viven en fogares onde só se fala castelán, e o resto de casos (1,8%) escoitan outra o outras linguas nas súas casas.

Outra cuestión de gran interese para a investigación é a ligada á vontade de cambio de lingua dos enquisados/as, para así coñecer a cantidade de potenciais neofalantes de galego que responderon ao cuestionario. O 39% dos/as participantes afirmaron que xa falan galego de maneira habitual, polo que xa non entrarían dentro dese grupo. Entre os que si empregan o castelán con maior regularidade, un 46,9% manifestan que lles gustaría ser galegofalantes ou empregar o galego máis a miúdo. Pola contra, un 2,6% declaran que non queren mudar o seu idioma, e un 8,4% amosan indiferencia a este cambio lingüístico (véxase gráfico 5). Con isto, podemos afirmar que unha porcentaxe moi elevada da mostra si está interesada en ser neofalante, o que nos pode ir dando xa pistas sobre a percepción da lingua e cultura galegas por parte dos enquisados/as. Debemos recordar a importancia do papel que exercen as persoas neofalantes na conservación do idioma, xa que estes individuos adoitan cambiar de lingua a modo de reivindicación para dignificar a mesma (Ramallo, 2018), e os datos do IGE amosan que cada vez hai menos nenos/as que se desenvolvan en galego.

Gráfico 5: Vontade de cambio de lingua (%)




Fonte: elaboración propia

A última pregunta deste primeiro bloque expón unha serie de afirmacións referentes á cultura e lingua galegas, para que os suxeitos indiquen o seu grao de acordo ou desacordo coas mesmas nunha escala Likert, na que 1 significaría “nada de acordo” e 5 “totalmente de acordo”. Entre elas


atópanse cuestións como o sentimento galego, ou a preocupación por conservar e promover a cultura e a lingua da comunidade. A media de todas é bastante semellante, sempre entorno ao 4,5, e a desviación típica estándar é baixa nas cinco, indo de 0,59 a inferior ata 1,01 a máis alta (véxase gráfico 6). Podemos afirmar entón que unha porcentaxe moi elevada de enquisados/as están implicados/as ou preocupados/as por este tipo de cuestións.

Gráfico 6: Afirmacións con respecto á identidade e lingua galega (medias e desviacións típicas)



Fonte: elaboración propia

Gráfico 7: Consumo de música en galego (%)




Fonte: elaboración propia

O segundo bloque do cuestionario contiña soamente dúas preguntas, ambas relacionadas co consumo musical. A primeira buscaba coñecer a frecuencia coa que os individuos escoitaban música

en diversas linguas, indicando a resposta nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 “nunca” e 5 “moi habitualmente”. Castelán e inglés foron os idiomas coas medias máis elevadas (4,15 e 4,07 respectivamente), seguidos polo galego, cuxa media xa descende a un 2,88 (cunha desviación típica de 1,31). O resto de linguas propostas (francés, italiano, portugués e outras) presentan medias bastante baixas (entre 1,64 e 1,8) e con desviacións típicas tamén moi baixas (entre 0,86 e 1,17). A outra pregunta deste segundo apartado é probablemente unha das máis importantes da enquisa, posto que está destinada a coñecer cantos dos participantes son consumidores de música en galego e cantos non, sendo consumidores o 66,1% e non consumidores o 33,9% da mostra (véxase gráfico 7). En función da súa resposta a esta pregunta as persoas foron dirixidas a un ou a outro bloque do cuestionario.

A continuación, os non consumidores tiveron que responder a outro par de cuestións. Na primeira preguntábaselles se crían que o uso do galego na música ou medios audiovisuais contribuía a conservar o idioma. Indicando de novo a resposta nunha escala Likert na que 1 significaba “nada de acordo” e 5 “completamente de acordo”, a media foi de 4,47, cunha desviación típica de só 0,81, o que significa que a pesar de non escoitar música en galego si pensan que esta, ao igual que o cine ou medios de comunicación, é un elemento que pode favorecer a promoción da lingua. Volvendo sobre o marco teórico, Xabarín Club foi un referente neste ámbito, posto que moitas persoas que consumiron este programa durante a súa infancia declaran que ver debuxos animados en galego favoreceu o seu cambio lingüístico ou mudou algunhas das súas ideas con respecto á lingua e cultura galegas (Vilas, 2022). Por outra banda, a pregunta restante deste bloque tiña como obxectivo coñecer os motivos polos cales estas persoas non consumen música en galego.

Gráfico 8: Motivos polos que non consumen música en galego (%)




Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar no gráfico 8, propuxéronse catro opcións diferentes, e a maiores unha na que os individuos podían escribir outra resposta (recompilados todos estes casos como “outros”). Unha boa parte dos participantes (o 38,3%) declaran si querer consumir música en galego pero non facelo porque nunca levaron a cabo unha busca activa de artistas que fixesen música nesta lingua. Tamén existen persoas que afirman ter buscado música en galego pero non atopar nada do seu gusto, concretamente un 20,8% dos casos. O 31,2% responderon que lles resulta indiferente a música en galego, posto que non teñen en conta o idioma da letra das cancións que escoitan, e tan só o 2,6% dos non consumidores non escoitan música en galego porque non lles gusta e non se sinten identificados coa lingua. O 7,1% restantes pertencen á categoría “outros” na que a maioría de respostas son unha mestura de varias das opcións anteriores.

Pasando ao bloque das preguntas específicas para as persoas que si consumen música en galego, a primeira trata de dar resposta á cuarta hipótese da investigación (“a proliferación de artistas emerxentes que crean propostas innovadoras dentro da industria musical galega, provoca un aumento no número de persoas novas que escoitan cancións no idioma cooficial”).

Gráfico 9: Incremento do consumo de música en galego (%)



Fonte: elaboración propia

Un 43,4% dos consumidores/as afirman que empezaron a escoitar música en galego a raíz deste proceso de modernización e diversificación da escena musical galega. O 42% manifestan que si aumentou o seu consumo, pero que xa escoitaban música en galego con anterioridade. Só o 14,6% dos individuos aseguran seguir consumindo música en galego na mesma medida, e que polo tanto a situación do panorama musical actual non afectou ao seu consumo (véxase gráfico 9). En conclusión, un 85,4% dos suxeitos si se viron afectados por esta proliferación de novos artistas e propostas en galego, polo que podemos aceptar a H₄.

Apoiando estes resultados, o entrevistado Rodri Míguez manifesta que el mesmo aumentou o seu consumo de música en galego a raíz do panorama musical actual, e que cre que é algo que se está dando de forma xeralizada:

Claro que aumentou, porque ao final estamos nun momento que eu penso que a nivel histórico nunca se dou, de ter tanta variedade de estilos musicais e grupos no noso idioma (...) A xente á que lle gustan moitos estilos e de repente está vendo como xorden novos artistas con sons frescos e diferentes, e con propostas arriscadas pero atractivas, evidentemente si incrementan o seu consumo (...) Entón penso que este auxe de novos artistas está provocando iso, que teñamos moito onde escoller, e moito de máis calidade.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Tamén o artista Mondra asegura que o que está a suceder actualmente na escena musical galega é algo que nunca se presenciou na nosa comunidade:

Que para min, iniciar un proxecto, e ao ano poder estar, como o ano pasado, nun festival como o “Revenidas”, un festival de tamaño medio/grande, pois significa que está pasando algo, non? (...) Eu só podo dicir cousas fantásticas, é dicir, é moi extraño o noso caso actual, que nun ano e pico poidamos ter o alcance que temos (...) Que co teu primeiro disco enchas a sala Capitol... é raro, é dicir, é algo case sen precedentes (...) Cada vez imos ocupar contextos máis plurais, e ao ser un contexto máis mainstream, pois de xente que fala linguas máis diversas.

(Mondra, artista)

A consumidora de música en galego entrevistada explica que, a raíz desta situación, retomou o seu contacto coa música en galego, xa que houbo varios anos nos que non a escoitaba con tanta frecuencia. Ademais, cre que a música actual está desenvolvendo unha importante labor normalizadora, debido a que hai moitos/as artistas e grupos que escriben letras que carecen de carga política, diversificando o produto e aumentando as opcións a escoller para os consumidores/as:

Pero dende hai... vou dicir dun ano para aquí, eu creo que fai máis, pero dun ano para aquí como que empecei outra vez a retomar e si que escoito máis música en galego de novo.


Pero cando fas música que podes escoitar nun garito ás 4 da mañá mentres estás peidísimo de risas, ou que podes bailar coma se fose Nathy Peluso pero en galego, pois a xente escóitaa máis (...) Hai uns anos apareceu o máximo grupo chamado Verto... Eu penso que a xente estaba obsesionada con Verto, era unha barbaridade. Eu nunca vira a tanta xente indo a un festival ou a un concerto de xente que cantaba en galego na miña vida (...) E despois, claro, Tanxugueiras (...) Entón si que me dá a sensación de que moita xente se achegou a escoitar música en galego. E senón, para a mostra un botón: ás Fillas de Cassandra eu non as coñecía hai un ano, e agora están en todas partes. E non creo que sexa casualidade que lles vaia tan ben.

(Julia, consumidora de música en galego)

A seguinte cuestión do bloque tamén se trata coma unha variable de escala Likert na que as persoas teñen que indicar o seu acordo ou desacordo nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 “nada de acordo” e 5 “completamente de acordo”). O que se lles pregunta neste caso é se cren que este panorama musical contribúe á normalización, conservación e difusión do galego, sendo a media de resultados de 4,61 cunha desviación típica do 0,69. Isto quere dicir polo tanto que case a totalidade dos consumidores consideran que o momento actual que está a vivir a música en galego é beneficioso tamén para o idioma cooficial.

A pregunta 11 do cuestionario unha vez máis é unha variable de escala Likert, neste caso os/as participantes deben indicar a frecuencia coa que desenvolven unha serie de accións, sendo 1 “nunca” e 5 “moi habitualmente” (véxase gráfico 10).

Gráfico 10: Frecuencia coa que se desenvolven actividades relacionadas co galego (medias e desviacións típicas)




Fonte: elaboración propia

Podemos observar como “relacionarme con persoas que escoitan música en galego” e “consumir contido en galego a través de redes sociais” teñen practicamente a mesma media, sendo 3,96 e 3,95 respectivamente, cunhas desviacións típicas tamén moi semellantes (1,07 e 1,09), o que significa que os oíntes de música en galego desenvolven con bastante frecuencia estas actividades. No caso da asistencia a festivais ou concertos de música en galego, a media descende ata 3,12, aumentando a desviación típica ata 1,3, polo que os individuos, aínda que acudan cunha frecuencia media a este tipo de eventos, non levan a cabo este tipo de accións tan habitualmente coma as dúas anteriores.


Para finalizar con esta parte da análise, as dúas últimas preguntas que se lles fixeron aos consumidores de música en galego estaban ligadas aos xéneros musicais que consumían nesta lingua, e ao coñecemento de diversos/as artistas e grupos actuais (véxanse gráficos 11 e 12). Os resultados, computando as frecuencias acumuladas para cada ítem, foron os seguintes:

Gráfico 11: Consumo de xéneros musicais en galego (frecuencias)



Fonte: elaboración propia

Gráfico 12: Coñecemento de artistas en galego (frecuencias)



Fonte: elaboración propia

O xénero musical máis consumido é o tradicional ou neotradicional (209 de 300 casos), seguido do pop (con 163 casos) e do rock (con 145). O estilo menos escoitado sería o metal, con tan só 22 casos. No caso dos/as artistas, Tanxugueiras son as máis coñecidas (288 de 300 casos, practicamente a totalidade), seguidas de Fillas de Cassandra (con 254 casos) e Baiuca (con 215). A menos coñecida das artistas propostas sería Bratzantifa, soamente con 47 casos ou respostas. Tanto nunha variable coma na outra se deixou unha categoría na que os enquisados/as podían engadir artistas ou xéneros adicionais (recompiladas todas estas respostas como “outros”). Entre estas respostas atopáronse estilos musicais como o punk ou o reguetón, e artistas ou grupos como Lontreira, C Mirazo, Leria, De Ninghures ou Caamaño & Ameixeiras.

5.3. Análises estatísticas bivariantes e verificación das hipóteses relacionadas cos usos lingüísticos dos consumidores de música en galego (H₂ e H₃)

Para a análise bivariante, como ben se especificou con anterioridade, tomaranse variables nominais e levarase a cabo o cálculo do estatístico chi cuadrado (χ^2) nunha táboa de continxencia ou cruzada, comprobando así se a súa significación é inferior a 0,01 ou 0,05.

A variable que se tomou como principal foi “Consumidor de música en galego”, que corresponde á pregunta 6 do cuestionario (“es consumidor de música en galego?”). Esta cruzouse con outras dúas, por unha banda con “Lingua habitual”, correspondente á primeira pregunta da enquisa (“que lingua falas habitualmente?”), e pola outra con “Cambio de lingua”, que sería equivalente á cuarta pregunta (“en caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo?”).

Táboa IV: Táboa cruzada. Que lingua falas habitualmente? * Es consumidor(a) de música en galego?

Que lingua falas habitualmente?		Es consumidor(a) de música en galego?			Chi-cadrado e nivel de significación asociado
		Si	Non	Total	
Galego sempre	Reconto	94	15	109	70,328 0,000
	% do total	20,7%	3,3%	24,0%	
Máis galego ca castelán	Reconto	50	12	62	
	% do total	11,0%	2,6%	13,7%	
Galego e castelán por igual	Reconto	30	9	39	
	% do total	6,6%	2,0%	8,6%	
Máis castelán ca galego	Reconto	92	55	147	
	% do total	20,3%	12,1%	32,4%	
Castelán sempre	Reconto	33	60	93	
	% do total	7,3%	13,2%	20,5%	
Outra(s) lingua(s)	Reconto	1	3	4	
	% do total	0,2%	0,7%	0,9%	
Total	Reconto	300	154	454	
	% do total	66,1%	33,9%	100,0%	

Fonte: elaboración propia

Se observamos a táboa IV, no primeiro cruce de variables, a correspondencia obtida foi significativa ($p < 0,01$). Isto supón que a lingua falada polos universitarios/as si está relacionada co feito de escoitar música en galego, sendo as persoas galegofalantes as que máis música en galego consumen e as persoas castelanfalantes as que menos. Concretamente, o 86,2% dos galegofalantes consumen música na lingua cooficial, fronte ao 13,8% que non, e no caso das persoas falantes de castelán o porcentaxe de consumidores descende ata o 35,5%, en contraste cun 64,5% de non oíntes. Polo tanto, poderíamos confirmar a segunda hipótese da investigación (“unha elevada cantidade de oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego a miúdo”).

O mesmo Mondra corrobora tamén esta hipótese, xa que afirma con moita seguridade que gran parte dos seus seguidores/as son falantes de galego:

Eu penso que é maiormente galegofalante, estou altamente convencido, metería a man no lume para dicir que si. Porque bueno, penso que o meu proxecto en parte ten unha carga ideolóxica, política... é dicir, que os valores están moi presentes. Entón aínda que eu escriba historias non politizadas, vivencias... tamén escribo... cousas con máis carga ideolóxica, é algo que me identifica a min. Penso que as dúas cousas son importantes. Entón penso que a xente tamén conecta moito con esa proposta de valores, e bueno, a cuestión lingüística está moi presente, é obvio, non? Entón iso, apostaría que si, que a maioría son galegofalantes. Ou que polo menos teñen unha conciencia lingüística...

(Mondra, artista)

No cruce da variable “Consumidor de música en galego” con “Cambio de lingua”, os resultados obtidos son similares. De novo, a correspondencia entre ambas é altamente significativa ($p < 0,01$), indicando unha clara relación entre o feito de escoitar ou non música en galego e a intención das persoas castelanfalantes de mudar a súa lingua habitual ao galego. Tendo só en conta aos suxeitos non galegofalantes, no caso dos individuos que non escoitan música en galego, un 30,8% manifestan que non lles gustaría mudar os seus usos lingüísticos, ou que lles resulta indiferente, mentres o panorama entre os que si consumen esta música é bastante diferente, baixando esta porcentaxe ata o 9,6%. É dicir, as persoas que escoitan artistas e grupos que fan música en galego están máis predispostas a ser neofalantes que os suxeitos que nos os escoitan, xa que o 90,4% dos castelanfalantes que son consumidores afirman que lles gustaría comezar a falar galego, cando no caso dos falantes de castelán non consumidores, só o 69,2% queren cambiar de lingua (véxase táboa V). Con isto aceptamos a hipótese 3 (“gran parte dos consumidores de música en galego falantes de castelán son potenciais neofalantes”).

Táboa V: Táboa cruzada. En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo? * Es consumidor(a) de música en galego?

En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo?		Es consumidor(a) de música en galego?			Chi-cadrado e nivel de significación asociado
		Si	Non	Total	
Si	Reconto	132	81	213	53,148 0,000
	% do total	30,0%	18,4%	48,4%	
Non	Reconto	2	10	12	
	% do total	0,5%	2,3%	2,7%	
Resúltame indiferente	Reconto	12	26	38	
	% do total	2,7%	5,9%	8,6%	
Falo galego habitualmente	Reconto	144	33	177	
	% do total	32,7%	7,5%	40,2%	
Total	Reconto	290	150	440	
	% do total	65,9%	34,1%	100,0%	

Fonte: elaboración propia

Os tres entrevistados/as están de acordo no feito de que as/os artistas que fan música en galego e falan galego son referentes para o seu público, e que poden ter certa influencia:

Estamos nun momento no que moitísima xente que non tiña ningún tipo de vínculo coa lingua está dándolle oportunidades á lingua, está consumindo a lingua e está comezando a falar a lingua.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Podemos ser referentes, e hai que ser conscientes diso tamén, en pequenos cambios como pode ser que algunha persoa cambie a súa lingua.

(Mondra, artista)

Se ti fas que sexa moda un idioma que está morrendo, ao mellor consigues que de repente unha persoa que non se plantexara na súa vida falar en galego diga “hostia, e por que non?”

(Julia, consumidora de música en galego)

Ademais, algo importante que tamén pode ter repercusión, a parte do acto de crear música en galego, é que moitos destes creadores/as de contido (sexa musical ou audiovisual) son neofalantes, polo que non só son referentes galegofalantes, senón que persoas castelanfalantes que queiran mudar a súa lingua poden sentirse identificadas con estas/es artistas:

Pois eu son neofalante dende hai catro ou cinco anos máis ou menos (...) eu penso que os neofalantes son os que o tiveron máis complicado por un lado, e polo outro as voces que poden axudar a que máis neofalantes existan (...) Ao final vanse creando referentes dentro do que cabe. Referentes tanto no idioma, como na cultura, como no audiovisual, como no que sexa, e ahí é cando animas á xente.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Que ademais, a meirande parte de xente que o fai son neofalantes. Fillas de Cassandra son neofalantes, Berto é neofalante (...) Ao mellor para esa xente deixa de ser tan raro cambiar a lingua.

(Mondra, artista)

Si que é certo que ter referentes na música, ou referentes en xeral, que de repente digan “pois agora falo galego”, e que ti notes que non é unha persoa que leve falando galego toda a súa vida e que está facendo un esforzo por falalo, pois tamén está chulo, ou sexa, iso tamén axuda a concienciar. Porque ti pensas “por que unha persoa se ía esforzar tanto por falar outro idioma?”

(Julia, consumidora de música en galego)


5.4. Análises estatísticas multivariantes e verificación das hipóteses relacionadas coa identidade galega dos oíntes de música en galego e os seus usos lingüísticos (H₁, H₂ e H₃)

En primeiro lugar, retomando as tres variables nominais empregadas nas anteriores análises bivariantes significativas (“Consumidor de música en galego”, “Lingua habitual” e “Cambio de lingua”), levaremos a cabo un análise de correspondencias múltiples (tamén coñecido como HOMALS). Se observamos o gráfico 13, podemos ver como as categorías “galego sempre”, “máis galego ca castelán” e “galego e castelán por igual” se agrupan preto de “si” con respecto a ser consumidor(a) de música en galego. Pola contra, aínda que non estean tan achegados entre si, os centroides das categorías “castelán sempre” e “outras linguas”, atópanse próximas a “non” (de novo referido ao consumo de música en galego) e a “résúltame indiferente” (en relación á vontade de mudar a súa lingua ao galego). Non obstante a categoría “máis castelán ca galego” é a máis cercana a “si”, con respecto á predisposición a ser neofalante. É dicir, as persoas galegofalantes ou que falan galego a miúdo son as que consumen máis música en galego, mentres que os individuos que falan sempre castelán son os que menos a escoitan. Ademais, os universitarios/as que falan castelán pero que ás veces falan galego manifestan que lles gustaría empregar a lingua cooficial con máis

frecuencia, en cambio os que se comunican en español sempre amosan indiferencia cara esta cuestión.

Estes datos apoian os extraídos das táboas de continxencia anteriores, polo que corroboramos que se aceptan as hipóteses 2 e 3: hai unha elevada cantidade de consumidores de música en galego que falan galego a miúdo, e gran parte destes consumidores castelanfalantes son potenciais neofalantes.

Gráfico 13: Gráfico de categorías conxuntas (“Que lingua falas habitualmente?” * “En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo?” * “Es consumidor(a) de música en galego?”).



Autovalor (Total) = 3,466 / Autovalor (Dimensión 1) = 2,047 / Autovalor (Dimensión 2) = 1,419 Inercia (Total) = 1,155 / Inercia (Dimensión 1) = 0,682 / Inercia (Dimensión 2) = 0,473

Fonte: elaboración propia

A continuación, levaremos a cabo un contraste de medias e ANOVA para analizar a relación entre unha variable nominal dicotómica e varias variables de escala (véxase táboa VI). Retomaremos a variable “Consumidor de música galego” para cruzala coas diversas afirmacións expostas na pregunta 4 do cuestionario (“Sentimento galego”, “Apoio á diversidade cultural”, “Apoio á cultura galega”, “Lingua e identidade” e “Preocupación pola desaparición do galego”).

En canto ás medias, na maioría das variables existen certas diferenzas entre os consumidores de música en galego e os non consumidores, a única excepción é a afirmación 4.2 (“A diversidade cultural existente en España é un atributo do país que enriquece a súa historia e tradicións”), na que a media entre os oíntes é de 4,68 e entre os non oíntes 4,62 (tendo en conta que é unha variable de escala Likert na que as respostas poden ir de 1 a 5 segundo o grao de acordo dos enquisados/as). Isto explica que a significación asociada ao valor de F sexa maior a 0,01 (concretamente 0,46), e que polo tanto a relación entre ambas cuestións non é significativa, é dicir, que o feito de escoitar ou non música en galego non inflúe na idea dos universitarios/as de que a diversidade cultural española enriqueza a historia e tradicións do país.

Táboa VI: Contraste de medias e ANOVA. Es consumidor(a) de música en galego?*Indica o teu grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións con respecto á cultura e lingua galegas

		Indica o teu grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións con respecto á cultura e lingua galegas				
Es consumidor(a) de música en galego?		Síntome galego/a	A diversidade cultural existente en España é un atributo do país que enriquece a súa historia e tradicións	É importante protexer, conservar e promover a cultura galega	A lingua é un artefacto cultural que potencia a identidade dos individuos	Preocúpame que o galego sexa cada vez menos falado entre as persoas novas e que poida rematar desaparecendo
Si	Media	4,73	4,68	4,88	4,74	4,58
	N	300	300	300	300	300
	Desv. estándar	0,730	0,825	0,503	0,704	0,863
Non	Media	4,27	4,62	4,64	4,47	4,07
	N	154	154	154	154	154
	Desv. estándar	1,221	0,794	0,711	0,826	1,178
Total	Media	4,57	4,66	4,80	4,65	4,41
	N	454	454	454	454	454
	Desv. estándar	0,950	0,814	0,592	0,757	1,010
	F	25,549	0,548	16,902	13,193	27,700
	Sig.	0,000	0,460	0,000	0,000	0,000

Fonte: elaboración propia

No resto de casos o nivel de significación asociado ao valor de F si é menor a 0,01, o que indica un contraste de medias relevante entre as distintas categorías das variables. Nas respostas ás catro

afirmacións, os oíntes de música en galego manifestan un maior grao de acordo coas mesmas significativamente diferente en comparación cos non consumidores. Por exemplo, na variable “Sentimento galego”, a media entre as persoas que escoitan música na lingua cooficial é de 4,73 (moi próxima a 5, que significaría “totalmente de acordo”); en cambio, entre os individuos que non a escoitan a media é de 4,27, o que é unha baixada considerable. Entón, podemos afirmar que os suxeitos que consumen esta música séntense máis galegos que os que non. O que sucede coas demais variables é moi similar, a media entre os oíntes con respecto ás afirmacións “é importante protexer, conservar e promover a cultura galega”, “a lingua é un artefacto cultural que potencia a identidade dos individuos”, e “preocúpame que o galego sexa cada vez menos falado entre as persoas novas e que poida rematar desaparecendo”, é máis elevada que entre os non oíntes.

A raíz desta análise parece lóxico aceptar a primeira hipótese da investigación: “os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas”. Se ben é certo que os non oíntes tamén manifestan un elevado grao de acordo coas afirmacións (en todos os casos a media é superior a 4), existe tamén unha marxe de diferenza entre as medias que evidencia que o escoitar música en galego si ten relación con esta identificación e preocupación pola lingua e cultura galegas, potenciando estes sentimentos.

Mondra explica que a súa música ten unha gran carga identitaria, polo tanto é moi probable que as persoas que a consuman concorden con determinados ideais:

A ver, eu fago a música que fago porque se hai un mundo do que eu veño é o mundo da música e baile tradicionais (...) Pero efectivamente vexo esa compoñente identitaria, que me interesa, que vexo que me identifica, que identifica a miña cultura... Entón... claro que lle dou ese valor engadido, de que as músicas de raíz, en xeral todas as músicas tradicionais, pois teñen un valor cultural moi forte, non? Da identidade dos pobos, etc.

(Mondra, artista)

No caso da consumidora entrevistada, Julia confesa que o momento no que empezou a sentir a lingua galega como parte da súa identidade foi na adolescencia. Ademais, ela corrobora a información abarcada no marco teórico con respecto á música como elemento que contribúe á configuración da identidade xuvenil (Hormigos & Martín, 2004), xa que considera que a música ten certa influencia na forma de pensar dos individuos:

Eu creo que falei galego igual hasta... bacharelato, porque era o que me ensinaran, pero si que é certo que tiven un profesor de galego que era moi bo, e que me fixo reflexionar un pouco sobre que é o galego, que significa, a súa importancia... E creo que dende entón si o teño máis coma unha identidade (...) Eu penso que a música que escoitas faiche pensar tamén de determinada maneira. Ou sexa, identificaste non só co idioma no que se fai senón coas cousas que se din, pero que se faga nun idioma determinado favoréceo máis.

(Julia, consumidora de música en galego)

Para pechar a análise cuantitativa e apoiar o resultado do ANOVA en relación á verificación da H_1 , tamén levamos a cabo unha regresión loxística. Para esta tomamos as mesmas variables que no contraste de medias, sendo “Consumidor de música en galego” a variable dependente, e “Sentimento galego”, “Apoio á diversidade cultural”, “Apoio á cultura galega”, “Lingua e identidade” e “Preocupación pola desaparición do galego” as variables independentes. O obxectivo desta análise é que as variables independentes elaboren un pronóstico, en termos de odds ratio especialmente, das respostas da variable dependente, é dicir, distinguir aos consumidores dos non consumidores de música en galego. Así, cando comprobemos os resultados compararemos o pronóstico coas respostas reais.

En primeiro lugar, a proba ómnibus (véxase táboa X nos anexos) é altamente significativa (menor a 0,01), polo que podemos continuar coa análise. A clasificación xerada polo modelo (véxase táboa XI nos anexos) presenta unha elevada porcentaxe de acerto no caso das persoas que si consumen música en galego, obtendo 276 casos ben clasificados fronte a 24 mal clasificados, o que sería un 92% de acerto.

Se observamos a táboa VII podemos ver que hai dúas variables que presentan odds ratio ou razóns de probabilidade (Exp(B)) con valores p significativos (neste caso menores a 0,05): “Sentimento galego” e “Preocupación pola desaparición do galego”.

Táboa VII: Variables na ecuación

	B	gl	Sig.	Exp(B)
Síntome galego/a	,324	1	,011	1,382
A diversidade cultural existente en España é un atributo do país que enriquece a súa historia e tradicións	-,224	1	,176	,799
É importante protexer, conservar e promover a cultura galega	,147	1	,602	1,159
A lingua é un artefacto cultural que potencia a identidade dos individuos	,026	1	,898	1,026
Preocúpame que o galego sexa cada vez menos falado entre as persoas novas e que poida rematar desaparecendo	,332	1	,019	1,393
Constante	-2,029	1	,024	,131

Fonte: elaboración propia

O valor das Odds ratio é de 1,382 no caso de “Sentimento galego”, e de 1,393 no caso de “Preocupación pola desaparición do galego”. Isto indica a razón de probabilidade entre estas variables independentes e a variable dependente escollida (“ConsumidorMusicaGalego”).

Por unha banda, o feito de sentirse progresivamente na escala Likert máis galego, aumenta un 1,382 a ocorrencia do consumo de música en galego, un 38,2%. Por outro lado, o preocuparse crecentemente na escala pola desaparición da lingua galega aumenta un 1,393 a ocorrencia do consumo de música no idioma cooficial, o que sería un 39,3%. Entón, podemos concluír que as persoas que se senten galegas e que se preocupan pola descenso da poboación galegofalante son máis propensas a consumir música en galego, o que permite de novo tomar como válida a primeira hipótese da investigación: “os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas”.

5.5. Análise cualitativa e verificación da hipótese relacionada coas motivacións dos artistas para facer música en galego (H₅)

Para rematar coa análise de resultados, abarcaremos a última hipótese do estudo e engadiremos algúns datos finais de interese para a investigación extraídos das entrevistas.

A H₅ postula que “o éxito acadado por parte de certos grupos e cantantes animou a outros/as artistas a apostar polo galego nas súas letras”. Anteriormente empregamos como exemplo o auxe que experimentou o grupo Tanxugueiras a nivel nacional, propoñéndoas como unhas posibles referentes para seguintes artistas que están tendo éxito na actualidade escribindo as súas letras en galego.

O cantareiro Mondra explica que, efectivamente, ver que outras persoas conseguen chegar tan alto creando música en galego axuda a dar ese paso. De todas formas, el afirma que xa pensara na idea de compondor cancións na lingua cooficial numerosas veces, e cancións que mesturasen o tradicional con ritmos máis comerciais actuais, pero que precisamente, ver que outras/os artistas estaban tendo éxito foi algo que o animou:

Eu son moi consciente de que a proba da verdade, de que estés vendo realidades, pois que xa non che fan dubidar tanto, fanche ver que é posible. Entón, por suposto que ver como subiron as Tanxu é como... OK, pódese facer.

Entón, eu si que lembro que cando escoitei esas primeiras cousas das Tanxugueiras, non era unha idea que a min non me pasara pola cabeza. É dicir, eu medrei escoitando as divas do pop americanas, eu pensaba que era posible a combinación dunha proposta mainstream, escénica e escenográfica con músicas de raíz. Entón, si que lembro ter ese pensamento cando saíu iso, de dicir “jo, que guai, porque eu xa pensei nisto mil veces”.

(Mondra, artista)

Rodri Míguez, como xornalista musical que segue moito o movemento destes/as artistas, corrobora tamén esta hipótese, e emprega da mesma maneira o exemplo de Tanxugueiras:

Se tes referentes por que non o vas intentar? Se ves que a xente está tendo éxito co que fai por que non o vas intentar ti? E eu penso que moita da xente que comezou, comezou mirando o éxito de Tanxugueiras, porque cantos proxectos que agora mesmo están funcionando moi ben medran despois do éxito de Tanxugueiras? Moitísimos. Cantos artistas que agora vemos que están bastante consolidados dentro do panorama musical galego teñen menos de dous anos de vida? Moitos (...) Xente como Mondra ou como Fillas de Cassandra, a realidade é que medraron tamén aupados polo auxe de Tanxugueiras, e é moi probable que sen ese auxe os proxectos serían distintos a día de hoxe.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Polo tanto, aínda que sería interesante contar co punto de vista doutros/as artistas ou profesionais na materia, si que semella acertado aceptar a hipótese.

Ao longo das conversas cos entrevistados/as saíu información adicional que pode contribuír á investigación. Un deles é de novo referente á conformación da identidade xuvenil, sobre todo aplicado aos adolescentes. Igual que Julia, Mondra fai referencia á adolescencia como unha etapa na que os mozos/as conforman a súa personalidade e buscan elementos cos que identificarse. El mesmo conta que sendo paleofalante viviu situacións diglósicas, e que foi nese período no que comezou a eliminalas:

Eu son paleofalante, fun educado en galego por decisión da miña familia. Si vivín certas situacións diglósicas na escola, ou en certos contextos, como todo o mundo, pero tomei conciencia sobre a lingua sobre os 16 ou 17 anos, e a partir dos 18 conscientemente intento eliminar a diglosia.

Eu penso que xeracionalmente é moi importante, que haxa xente de vinte poucos anos sendo escoitadas por xente de 15/16 anos que está formando a súa identidade, e que están vendo, descubrindo que é o país no que viven, a lingua que se fala no seu país, a cultura do país... e que deixe de ser meigas, rural e... non sei, os catro tópicos de toda a vida.

(Mondra, artista)

Con isto volvemos á xustificación da nosa investigación: momentos do ciclo vital como a adolescencia ou a xuventude son chaves na formación da identidade dos individuos. Sabendo que a lingua ou a música son elementos culturais que poden formar parte desta identidade, a poboación universitaria pode verse influenciada pola escoita de artistas e grupos que compoñen cancións en galego, sobre todo tendo en conta que a música actual aborda cada vez temáticas máis variadas, rompendo con certos estereotipos entorno á cultura galega.

Outro medio que pode ser interesante para promover a normalización do galego entre a xuventude son as redes sociais. O TikToker Rodri Míguez explica como a creación de vídeos en galego para esta plataforma pode ser unha vía de promoción da lingua:

E por que non imos facer contido mainstream para poder chegar ao máximo de xente? Porque realmente, ao mellor a alguén lle pode parecer unha chorrada facer vídeos sobre o que te vas poñer hoxe, sobre maquillaxe ou sobre o concerto que vai haber este fin de semana, pero a realidade é que hai xente á que ese tipo de contidos lle interesa moitísimo, e que se non é por iso non consume nada de galego. E se lle podes dar ese contido pero en galego, polo menos van ter unha vía de familiarización co idioma.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Volvendo á esfera musical, o xornalista afirma que cada vez hai máis artistas galegas/os nos carteis dos festivais, debido a que cada vez atraen a un público maior. Non obstante, segue habendo promotoras que non optan por estes músicos nos seus eventos, o que evidencia que neste caso o seu rexeitamento cara á contratación de grupos galegos non se debe a cuestións económicas:

Ti vas ao Son do Camiño, como pasou o ano pasado, estaban Fillas de Cassandra e The Rapants, e había moito máis público nos seus concertos á primeira hora da tarde que nas horas seguintes, con artistas de nivel medio a nivel español. Iso quere dicir algo. Despois vaste a outros festivais e pasa exactamente o mesmo, vas ao Revenidas e o público estaba a rebentar, estaba dándoo absolutamente todo, e aí foi o momento culme de dicir “chicos, a música en galego vende”. Se ti queres dicir “non, non levamos música en galego porque non vende”, xa non podes ampararte con iso. Vas ter que ir de cara e vas ter que dicir “no meu festival non entra música en galego porque non quero música en galego”.

(Rodri Míguez, xornalista musical)

Como última aportación, tamén se lle preguntou aos tres entrevistados que pensan que lle agarda á música en galego nun futuro próximo. Mondra e Julia óllano dende unha perspectiva positiva e esperanzadora, mentres Rodri Míguez cre que estamos nun punto no que xa é necesaria unha certa contribución económica por parte das institucións para seguir medrando:

Eu estou moi esperanzado co que comentei antes, que linguas máis minoritarias poidan ocupar outros espazos porque a lingua non sexa un impedimento para absolutamente nada.

(Mondra, artista)

Están saíndo moitos grupos que están tendo moi boa acollida, que están saíndo de Galicia e facendo xiras por outras comunidades... entón eu entendo que se está creando un ambiente

no cal de repente é súper normal escoitar música en galego (...) Entón, non sei, creo que estamos nun momento bastante interesante, no cal as redes sociais tamén axudan un montón...

(Julia, consumidora de música en galego)

Pois ao mellor a música en galego agora mesmo vai ter un estanque, vaise manter no que está, porque ata agora viñemos dun crecemento espectacular, pero igual agora mesmo vai decrecer ese crecemento e se vai estabilizar. Porque é complicado seguir ampliando co que xa temos, quero dicir, enchendo Coliseums, Mares de Vigo, Capitols... que queda? Pois home, quedan máis cousas? Si, claro, pero é que para iso xa fai falta máis que a vontade da xente que quere facelo e a vontade da xente que apoia isto. Ao mellor agora o que fai falta son cartos para facer cousas moito máis espectaculares, que poidan impactar moito máis e poder amplificar máis a industria musical en galego...

(Rodri Míguez, xornalista musical)

6. CONCLUSIÓNS E BALANCE DE FORTALEZAS E DEBILIDADES

O obxectivo da presente investigación era comprobar se a música en galego pode ter algún tipo de impacto positivo sobre a identidade e lingua galegas entre a mocidade, concretamente entre a poboación universitaria de Galicia. Centrámonos nas producións musicais galegas dos últimos anos, posto que, como xa vimos con anterioridade, estas apostaron pola modernización e innovación, en moitos casos sendo propostas orientadas a un público máis novo.

Para levar este traballo a cabo optamos por unha metodoloxía mixta, difundindo unha enquisa entre os universitarios/as da comunidade, e realizando tres entrevistas semiestruturadas a diferentes informantes clave. Ambas análises foron elaboradas seguindo un fío condutor en relación cos obxectivos e hipóteses do estudo, para poder así darlles resposta. A continuación faremos un repaso dos diversos resultados obtidos, e polo tanto das conclusións extraídas desta investigación.

En primeiro lugar, as persoas que escoitan música en galego si se senten identificadas e comprometidas coa lingua e cultura galegas. Isto, no nivel cuantitativo, foi comprobado a través dun contraste de medias, ANOVA e análise de regresión loxística. Grazas a diversas afirmacións que se expuxeron no cuestionario (como por exemplo o sentirse galego ou a preocupación pola desaparición da lingua), vimos como os consumidores desta música manifestan un maior grao de compromiso con estas cuestións, en comparación cos individuos que non escoitan música en galego. Estes resultados, apoiados tamén polas respostas da consumidora de música en galego entrevistada ou Mondra, permitíronnos aceptar a primeira hipótese (“os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas”). Isto corrobora o explicado por Fernán del Val (2022), xa que o autor afirma que a música é un elemento cultural que forma parte das nosas relacións sociais, e que tamén contribúe na construción da identidade dos suxeitos.

En segundo lugar, existe unha relación entre o idioma falado ou a percepción da lingua galega e o consumo de música na lingua cooficial. Mediante cruces de variables en táboas de continxencia e coa análise correspondente de chi-cadrado, vimos como, por unha banda, gran parte dos oíntes de música en galego son galegofalantes, e por outra banda, moitos dos oíntes que son castelanfalantes queren falar galego con máis frecuencia. Todo isto analizouse confrontando as respostas dos consumidores cos non consumidores, vendo como no caso dos individuos que non escoitan artistas galegos/as hai máis persoas castelanfalantes e que amosan indiferenza cara ao feito de cambiar de lingua. Ademais, Mondra afirmou con completa seguridade que cre que o seu público é maioritariamente galegofalante, e tanto el como os outros dous entrevistados consideran que os/as artistas que crean música en galego poden ser referentes para a xuventude e promover o idioma. Aceptamos entón a segunda e a terceira hipótese da investigación (“unha elevada cantidade de oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego a miúdo”, e “gran parte dos consumidores de música en galego falantes de castelán son potenciais neofalantes”). En relación coa información recollida no marco teórico, comprendemos a importancia da aceptación destas hipóteses, posto que os neofalantes constitúen un colectivo con fortes referencias identitarias, e un medio de transmisión lingüística fundamental no contexto actual (Ramallo, 2010).

Para a verificación da cuarta hipótese (“a proliferación de artistas emerxentes que crean propostas innovadoras dentro da industria musical galega, provoca un aumento no número de persoas novas que escoitan cancións no idioma cooficial”) fixemos uso de análises estatísticas univariantes. Ao crear un bloque de preguntas para os consumidores, e outro para os non consumidores de música en galego no cuestionario, os oíntes manifestaron que a modernización do panorama musical galego tivo influencia no seu consumo. Concretamente, solo o 14,6% dos suxeitos que escoitan artistas e grupos galegos afirmaron que esta proliferación de novas propostas non tivo ningún tipo de repercusión no seu consumo, mentres o 85,4% dos oíntes empezaron a escoitar música en galego debido a esta modernización, ou polo menos esta situación fixo que o seu consumo se incrementase. De novo, contrastando esta información coa extraída da análise cualitativa, os entrevistados/as aseguran que estamos nun momento histórico para a música en galego, cunha gran diversidade de xéneros e artistas que fan que o público medre. Polo tanto, aceptamos tamén a H₄. Este contexto segundo Senín (2021) débese aos cambios sociopolíticos e culturais que se deron na comunidade durante as últimas décadas, creando a necesidade de xerar novas tendencias musicais que se adapten a esta nova realidade.

En canto á última hipótese do traballo (“o éxito acadado por parte de certos grupos e cantantes animou a outros/as artistas a apostar polo galego nas súas letras”), os profesionais entrevistados manifestaron un elevado grao de acordo. Tanto Rodri Míguez como Mondra consideran que o alcance obtido polas Tanxugueiras abriu camiños a máis persoas, e amosou a posibilidade de vender propostas musicais en galego. Se ben é certo que sería interesante contar coa opinión de máis artistas, a información aportada polo xornalista musical e polo cantareiro é de gran valor para o noso estudo.

Con respecto aos obxectivos, podemos dicir que na súa maioría o grao de cumprimento foi satisfactorio. O primeiro obxectivo xeral (“estudar se a escoita de música en galego pode impulsar a lingua e identidade galegas na poboación universitaria de Galicia”) se ben é certo que é o máis importante da investigación, tamén sería interesante afondar nesta cuestión en futuros estudos. Efectivamente os consumidores de música en galego afirman sentirse galegos e estar máis comprometidos a nivel lingüístico e cultural coa rexión que os non consumidores. Non obstante, habería que comprobar en que medida é a música a que ten influencia nestes aspectos, ou se é o feito de sentirse identificado con Galicia o que fai que os individuos escoiten máis música no idioma cooficial. No caso do segundo obxectivo xeral (“comprobar se a innovación e diversidade que está a medrar dentro do panorama musical galego provoca un aumento no número de oíntes xóvenes”), o grao de cumprimento foi máis elevado, observando a través tanto da análise cuantitativa como cualitativa como efectivamente a modernización que se está dando na escena musical galega fai que os universitarios/as aumenten o seu consumo.

Os obxectivos específicos tamén se cumpriron de maneira bastante exitosa. O primeiro (“contextualizar a situación do galego con respecto á diminución de xente galegofalante”) foi abordado ao longo do marco teórico, para así poder xustificar a nosa investigación, comprendendo cal é a situación actual do galego e as problemáticas que debe afrontar. O segundo (“analizar os acontecementos máis destacables dos últimos anos da música en galego”), tamén foi en parte tratado

durante o marco teórico, pero foise complementando coa análise cualitativa, grazas á información proporcionada polos informantes chave. A través do Oe₃ (“coñecer as motivacións dos artistas emerxentes galegos para crear música na súa lingua”) vimos como grupos como as Tanxugueiras tiveron certa influencia na aparición de novos/as artistas que fagan música en galego. Ademais, Mondra explicaba que o galego é o seu idioma, polo que empregalo nas súas letras lle parecía o máis coherente, ademais das motivacións reivindicativas ou políticas.

De todas formas, sería interesante recoller respostas de máis artistas, para contrastar diversos discursos. No caso do cuarto obxectivo (“averiguar se existe un perfil ou perfís concretos de consumidores que escoiten esta música”), grazas ao cuestionario comprobamos que moitos dos oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego con frecuencia, están altamente comprometidos coa cultura da comunidade e co idioma, e incluso no caso dos consumidores/as castelanfalantes, moitos barallan a posibilidade de mudar a súa lingua. Aínda que poderíamos afondar noutros factores como cuestións ideolóxicas ou políticas, os datos recollidos son de gran valor.

Por último, o grao de cumprimento do quinto obxectivo (“abrir liñas de investigación relacionadas con novos métodos de normalización lingüística”) resulta máis difícil de medir. Non obstante, a información obtida deste estudo poder servir para futuras investigacións, sobre todo tendo en conta que é un tema moi innovador con escasas referencias previas debido ao seu carácter tan actual. A parte, cos resultados recollidos, observamos como efectivamente esta música pode contribuír á normalización lingüística, favorecendo a cultura e idioma galegos entre as persoas novas.

Déixase a continuación unha táboa resumo coa avaliación do grao de cumprimento de todos os obxectivos e hipóteses (táboa VIII).

Táboa VIII: Avaliación do cumprimento dos obxectivos e das hipóteses

Obxectivos	Grao de cumprimento	Hipóteses	Grao de cumprimento
Ox ₁ : Estudar se a escoita de música en galego pode impulsar a lingua e identidade galegas na poboación universitaria de Galicia.	Medio	H ₁ : Os consumidores/as de música en galego séntense identificados e comprometidos coa lingua e cultura galegas.	Medio
Ox ₂ : Comprobar se a innovación e diversidade que está a medrar dentro do panorama musical galego provoca un aumento no número de oíntes xóvenes.	Alto	H ₄ : A proliferación de artistas emerxentes que crean propostas innovadoras dentro da industria musical galega, provoca un aumento no número de persoas novas que escoitan cancións no idioma cooficial.	Alto
Oe ₁ : Contextualizar a situación do galego con respecto á diminución de xente galegofalante.	Alto	H ₂ : Unha elevada cantidade de oíntes de música en galego son galegofalantes ou falan galego a miúdo.	Alto
Oe ₂ : Analizar os acontecementos máis destacables dos últimos anos da música en galego.	Alto	H ₅ : O éxito acadado por parte de certos grupos e cantantes animou a outros/as artistas a apostar polo galego nas súas letras.	Medio
Oe ₃ : Coñecer as motivacións dos artistas emerxentes galegos para crear música na súa lingua.	Medio		
Oe ₄ : Averiguar se existe un perfil ou perfís concretos de consumidores que escoiten esta música.	Alto	H ₃ : Gran parte dos consumidores de música en galego falantes de castelán son potenciais neofalantes.	Alto
Oe ₅ : Abrir liñas de investigación relacionadas con novos métodos de normalización lingüística.	Alto		

Fonte: elaboración propia

Xa para rematar, levaremos a cabo unha análise de fortalezas e debilidades do traballo, comentando os que foron os puntos fortes do estudo, e cuestións a mellorar para futuras investigacións, xunto coa aprendizaxe obtida durante o proceso (véxase táboa IX).

Táboa IX: Balance de fortalezas e debilidades

Fortalezas	Debilidades	Aprendizaxe adquirida
Carácter innovador da investigación, tanto a nivel temático como metodolóxico	Dificultade á hora de atopar bibliografía sobre o tema para obter unha base teórica máis sólida	Xerar coñecementos sobre un tema pouco investigado, vinculándoo con estudos da mesma rama da socioloxía
Grao de resposta elevado no cuestionario, obtendo unha mostra estatisticamente representativa	Menor taxa de resposta dos non consumidores de música en galego con respecto aos si consumidores	Práctica e afianzamento de coñecementos adquiridos ao longo do grao
Entrevistas a informantes chave que ofreceron datos moi valiosos e dende diferentes puntos de vista	A análise cualitativa foi menos exhaustiva que a cuantitativa	Selección correcta de entrevistados/as, e aproveitamento satisfactorio da información recollida

Fonte: elaboración propia

Como xa comentamos dende o principio do traballo, a pesar de que a investigación sexa de carácter correlacional, non existe unha ampla bibliografía sobre o tema, debido á actualidade do mesmo, xa que abordamos os últimos anos da música en galego. Isto, aínda que supuxo certas dificultades e debilitou en certa medida a nosa base teórica, implica que se están abrindo novas liñas de investigación, e arredor dunha cuestión tan importante como a conservación da lingua galega.

Ademais da temática innovadora, traballar con esta información a través dunha análise que empregue métodos cuantitativos e cualitativos aporta diversos puntos de vista, o que supón un tratamento máis exhaustivo dos datos. En relación á metodoloxía, o deseño mostral foi adecuado, ao igual que o deseño do cuestionario, co que se obtivo unha mostra representativa da poboación universitaria. Non obstante, aínda que a fiabilidade dos datos é bastante elevada ao ter unha taxa de resposta alta e empregar diferentes análises univariantes, bivariantes e multivariantes, sería interesante de cara a futuras investigacións tomar a ideoloxía política como un elemento máis central, e estratificar a mostra tratando de recoller máis respostas de persoas non consumidoras de música en galego e alleas ao tema.

Con respecto á análise cualitativa, entrevistar a un artista tan presente no panorama musical galego actual como é Mondra, ou a un xornalista como Rodri Míguez que está tan vinculado ao tema, proporciona información de gran valor para o traballo, a parte de combinala cos datos extraídos da entrevista a unha consumidora de música en galego. Tamén é relevante subliñar a idade dos/as

informantes, posto que todos teñen menos de 29 anos, representando á mocidade galega que foi tan central nesta investigación.

Por último, en canto á aprendizaxe obtida, a realización deste estudo supuxo poñer en práctica e afianzar diversos coñecementos adquiridos ao longo da carreira. A pesar de que o feito de apostar por unha metodoloxía mixta implicou unha carga de traballo maior, tamén permitiu afondar en diversas técnicas de análise de datos, ademais de proporcionar unha información variada e representativa. No respectivo á temática, escoller un tema tan pouco investigado foi outra dificultade engadida ao carecer de referencias anteriores, pero ao mesmo tempo tamén foi o motor do traballo, o que resultou na apertura de novos horizontes para futuras investigacións.

7. BIBLIOGRAFÍA

Amoedo, J. M. & González, M. (2020). Identidad propia e industrias creativas y culturales. El caso de las regiones europeas. *Revista Galega de Economía*, 29(3), 1-19. <http://dx.doi.org/10.15304/rge.29.3.6831>

Barros, F. (2021). Rock Bravú: impulsos de modernidad a una idiosincrasia tradicional. *Popular Music Research Today*, 3(1), 79-100. <https://doi.org/10.14201/pmrt.26525>

Bouzada, X. (1993). A lingua galega no sector dos servizos ou as racionalidades, dilemas e paradoxos presentes en usos cotiáns da lingua galega. *Cadernos de lingua*, 8, 5- 18.

Del Val, F. (2022). De la sociología de la música a la sociología musical. Nuevos paradigmas en los estudios sobre música y sociedad. *Revista Internacional de Sociología*, 80(2).

Díaz de Rada, V. (2012). Ventajas e inconvenientes de la encuesta por Internet. *Papers: revista de sociologia*, 97(1), 193-223.

Enériz, A. (2019). Identidade e lingua na mocidade galega (Traballo de fin de grao, Universidade da Coruña). Repositorio institucional da Universidade da Coruña. <https://ruc.udc.es/dspace/>

Los gallegos consumen más música en directo, teatro y lectura que hace 20 años pero acuden mucho menos al cine. (6 de febrero de 2023). Galicia Press. <https://www.galiciapress.es/articulo/ultima-hora/2023-02-06/4166344-gallegos-consumen-musica-directo-teatro-lectura-hace-20-anos-pero-acuden-mucho-menos-cine>

Fernández, M. (2019). *O neofalantismo no estudantado da Facultade de Filoloxía da UDC* (Traballo de fin de grao, Universidade da Coruña). Repositorio institucional da Universidade da Coruña. <https://ruc.udc.es/dspace/>

Ferreira, T. (2020). Análise sociolingüística do uso do galego no estudantado da Universidade da Coruña (Traballo de fin de grao, Universidade da Coruña). Repositorio institucional da Universidade da Coruña. <https://ruc.udc.es/dspace/>

González, M. (2015). O panorama actual das industrias culturais galegas: as políticas públicas culturais. *Madrygal*, 18, 555-568.

Hobsbawm, E. J. (1994). Identidad. *Revista Internacional de Filosofía Política*, 3, 5-17.

Hormigos, J. & Martín, A. (2004). La construcción de la identidad juvenil a través de la música. *RES. Revista española de sociología*, 4, 259-270.

Iago Valverde. (22 de xullo de 2016). *Naqueles tempos (TVG) 04 - Sexamos celtas 1976 - 1979* [Arquivo de vídeo]. YouTube. <https://youtu.be/RZduiciNRdc?si=scCwetwAwkzrvyfc>

Instituto Galego de Estatística. (2018). *Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade. Galicia e provincias*. [IGE - Principais resultados \(2953\): Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade. Galicia e provincias](#)

Instituto Galego de Estatística (2018). *Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar por idade. Galicia*. [IGE - Principais resultados \(3008\): Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar por idade. Galicia](#)

Instituto Galego de Estatística (2018). *Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor actualmente para falar por idade. Galicia e provincias*. [IGE - Táboa 2977: Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor actualmente para falar por idade. Galicia e provincias](#)

Losada, A. (2012). Os modelos de política lingüística de Galicia. En H. Monteagudo (Ed.), *Linguas, sociedade e política: un debate multidisciplinar* (pp. 267-294). Consello da Cultura Galega.

Mira, A. & Peleteiro, F. (2020). Oie Gayego. En *Puro Ocio*. Tremendo Audiovisual.

Mira, A. & Peleteiro, F. (2020). Puro Ocio. En *Puro Ocio*. Tremendo Audiovisual.

Monteagudo, H (2002). *El idioma*. En V. F. Freixanes (Coord.) *Galicia. Unha luz no Atlántico* (pp. 109-145). Vigo: Edicións Xerais.

O'Rourke, B. & Ramallo, F. (2015). "Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician". *International Journal for the Sociology of Language*, 231, 147-165.

Pardo-Vuelta, M. (2015). Panorámica sociolingüística de la lengua gallega (s. XX-XXI). *Confluenze. Rivista di Studi Iberoamericani*, 7(2), 61-70.

Peres, A. (2022). Lingua, identidade e sanción social: a ocultación da galegitude na Idade Moderna. *LaborHistórico*, 8(2), 173-196.

Pérez-Borrajo, A. & Matas de Íscar, I. (2022). Experimentación musical a partir del empleo de simbología de filiación nacional. Baiuca: electrónica y música tradicional gallega. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 25, 227-244. <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90533>

Pin, I. (15 de marzo de 2020). Verto: "O título do disco vén dunha entrevista no 'Sermos Galiza'". *Nós Diario*. <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/titulo-ven-dunha-entrevista-sermos-galiza/20200313231203093009.html>

Prendergast, K. R. (2021). "Cantarte hei, galicia, na lingua gallega": music, dance and the normalization of the galician language in Santiago de Compostela (Dissertação de Mestrado,

Universidade Nova de Lisboa). Repositório Universidade Nova.
<http://hdl.handle.net/10362/142297>

Ramallo, F. (2010). Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego. *Educación e linguas en Galicia*, 15-37.

Ramallo, F. (2012). El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción. *Caplletra. Revista Internacional de Filología*, 53, 167-191.

Ramallo, F. (Xuño, 2018). *O neofalantismo e o suxeito neofalante*. Traballo presentado en Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral, Vigo.

Rei-Doval, G. (2007). *A Lingua Galega na Cidade no Século XX: Unha Aproximación Sociolingüística*. Edicións Xerais de Galicia.

Romero, E. R. (2017). Gaitas, panderos y tambores. La nueva música gallega y una identidad glocalizada. *Kamchatka. Revista de análisis cultural*, 9, 313-331.

Secretaría Xeral de Política Lingüística (2004). *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Xunta de Galicia.

Secretaría Xeral de Política Lingüística (2019). *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade*. Xunta de Galicia.

Senín, B. (2021). Ideoloxía e identidade no discurso musical: o caso do hip-hop e o trap galegos a través de Rebeliom do Inframundo e Boyanka Kostova. *Cadernos de Lingua*, 39, 165-188.

Siguán, M. (1976). Bilingüismo y sociología. *Revista española de lingüística*, 6(1), 27-88.

Van Herk, G. (2012). *What Is Sociolinguistics?*. Wiley-Blackwell.

8. ANEXOS

8.1. Táboas

Táboa X: Proba ómnibus

		Chi cuadrado	gl	Sig.
	Paso	34,680	5	,000
Paso 1	Bloque	34,680	5	,000
	Modelo	34,680	5	,000

Fonte: elaboración propia


Táboa XI: Táboa de clasificación, paso 1

Observado	Pronosticado		Porcentaje correcto		
	Es consumidor(a) de música en galego?				
		Non	Si		
Paso 1	Es consumidor(a) de música en galego?	Non	37	117	24,0
		Si	24	276	92,0
Porcentaje global					68,9

Fonte: elaboración propia

8.2. Cuestionario en formato *Google Forms*

Bloque 1: usos lingüísticos, identidade, e percepción da lingua e cultura galegas



Consumo de música en galego, lingua e identidade

Boas!

O meu nome é Noelia Mato, e son estudante do Grao de Socioloxía da UDC. Estou a elaborar o meu TFG, no cal abordo a temática da música actual en galego, para comprobar se esta pode impulsar a identidade e lingua galegas entre a poboación universitaria de Galicia. A través desta enquisa pretendo recoller información para levar a cabo a investigación, non importa se es ou non consumidor(a) de música en galego, nin cal sexa o idioma que falas habitualmente. Respondela levará soamente 5 minutos, e os datos recollidos serán completamente anónimos. Moitas grazas pola túa colaboración!

1. Que lingua falas habitualmente? *

- Galego sempre
- Máis galego ca castelán
- Galego e castelán por igual
- Máis castelán ca galego
- Castelán sempre
- Outra(s) lingua(s)

2. Cal é a lingua materna habitual que se emprega no teu fogar? *

- Sempre galego
- Máis galego ca castelán
- Galego e castelán por igual
- Máis castelán ca galego
- Sempre castelán
- Outra(s) lingua(s)


3. En caso de non falar galego habitualmente, gustaríache ser galegofalante ou empregalo máis a miúdo? *

- Si
- Non
- Resúltame indiferente
- Falo galego habitualmente
- NS/NC

4. A continuación serán expostas unha serie de afirmacións con respecto á cultura e lingua galegas. Indica o teu grao de acordo ou desacordo coas mesmas nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 "nada de acordo" e 5 "totalmente de acordo". *

	1	2	3	4	5
Síntome galego/a	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
A diversidade cultural existente en España é un atributo do país que enriquece a súa historia e tradicións	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
É importante protexer, conservar e promover a cultura galega	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
A lingua é un artefacto cultural que potencia a identidade dos individuos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Preocúpame que o galego sexa cada vez menos falado entre as persoas novas e que poida rematar desaparecendo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

[Siguiente](#)



Página 1 de 5

[Borrar formulario](#)

Bloque 2: frecuencia coa que os/as participantes escoitan música en diversos idiomas, e consumo ou non de música en galego

5. Con que frecuencia escoitas música nas seguintes linguas? Indica a túa resposta nunha escala do 1 o 5, sendo 1 "nunca" e 5 "moi habitualmente." *

	1	2	3	4	5
Galego	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Castelán	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Inglés	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Francés	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Italiano	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Portugués	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Outra(s) lingua(s)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

6. Es consumidor(a) de música en galego? *

- Si
- Non

[Atrás](#)

[Siguinte](#)

 Página 2 de 5 [Borrar formulario](#)

Bloque 3: Non consumidores/as de música en galego

7. Cres que o uso do galego na música, no cine ou nos medios de comunicación contribúe á conservación do idioma? Indica a túa resposta nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 "nada de acordo" e 5 "completamente de acordo". *

1 2 3 4 5

Nada de acordo Completamente de acordo

8. Por que dirías que non escoitas música en galego? *

- Busquei música en galego pero non atopei nada que me gustase
- Gustárame escoitar música en galego, pero nunca fixen unha busca activa para atopar artistas/cançons que me gustasen
- Resúltame indiferente a música en galego, non teño en conta a lingua na que están escritas as cançons que escoito
- Non me gusta escoitar música en galego, posto que é unha lingua coa que non me sinto identificado/a e/ou non me gusta
- Outro: _____

[Atrás](#)

[Siguiente](#)

Página 3 de 5 [Borrar formulario](#)

9. Nos últimos anos estase a producir unha modernización e diversificación da escena musical galega. Cres que isto fixo que se incrementase o teu consumo desta música? *

- Si, empecei a escoitar música en galego a raíz disto
- Si, aumentou o meu consumo, aínda que xa escoitaba música en galego con anterioridade
- Non, sigo consumindo música en galego na mesma medida
- NS/NC

10. Cres que este panorama musical contribúe á normalización, conservación e difusión do galego? Indica a túa resposta nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 "nada de acordo" e 5 "completamente de acordo". *

1 2 3 4 5

Nada de acordo Completamente de acordo

Bloque 4: Consumidores de música en galego

11. Sendo 1 “nunca” e 5 “moi habitualmente”, indica a frecuencia coa que desenvolves as seguintes accións: *

	1	2	3	4	5
Asistir a festivais/concertos de música en galego ou que inclúan artistas que fan música en galego	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Relacionarme con persoas que escoitan música en galego	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Consumir contido en galego a través de redes sociais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

12. Que xéneros musicais adoitas escoitar en galego? *

- Hip Hop
- Indie
- Metal
- Pop
- Rock
- Tecno
- Tradicional ou neotradicional
- Trap
- Outro: _____

13. Que grupos ou artistas coñeces que fagan música en galego? *

- Baiuca
- Berto
- Boyanka Kostova
- Bratzantifa
- Fillas de Cassandra
- Grande Amore
- Mondra
- Tanxugueiras
- The Rapants
- Outro: _____

[Atrás](#)

[Siguiete](#)

 [Página 4 de 5](#) [Borrar formulario](#)

Bloque 5: datos sociodemográficos

14. Con que xénero te sintes identificado/a? *

- Masculino
- Feminino
- Non binario
- NS/NC

15. Cantos anos tes? *

Tu resposta _____

16. Cal é a túa nacionalidade? *

- Española
- Estranxeira
- Española e outra

17. Cal é o teu lugar de nacemento? *

- Comunidade autónoma de Galicia
- Outra comunidade autónoma
- Outro país da Unión Europea
- Outro país fóra da Unión Europea

18. Cal é o teu municipio de residencia habitual? *

Tu respuesta _____

19. En que tipo de titulación estás matriculado/a actualmente? *

- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

20. A que rama de coñecemento pertence a titulación que estás cursando? *

- Artes e humanidades
- Ciencias
- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas
- Enxeñaría e arquitectura
- NS/NC

21. A que universidade pertences? *


UDC

USC

UVigo

22. Con que ideoloxía política te identificas? Indica a túa resposta nunha escala *
do 1 ao 5, sendo 1 "extrema esquerda" e 5 "extrema dereita".

Extrema esquerda 1 2 3 4 5 Extrema dereita

[Atrás](#) [Enviar](#)  [Página 5 de 5](#) [Borrar formulario](#)

8.3. Guión das entrevistas semiestruturadas

Entrevista a Rodri Míguez (xornalista musical)

1. Nome
2. Idade
3. Lugar de procedencia
4. Profesión(s)
5. Es neofalante ou falas galego dende meniño? (En caso de ser neofalante, cales foron os motivos polos que decidiches cambiar de lingua?)
6. Como te iniciaches no mundo de TikTok? Cales foron as túas motivacións?
7. Consideras TikTok unha plataforma útil para dar a coñecer este tipo de traballo?
8. De onde ven o o teu interese pola música? E concretamente pola música en galego?

9. Cres que esta emerxencia de novos artistas no panorama musical de Galicia ao longo dos últimos anos fixo que aumentase o teu interese pola música en galego? Ou sempre estiveches vinculado á música na nosa lingua?
10. Como ves o presente da música en galego? Dirías que esta está a vivir un dos seus mellores momentos?
11. Cres que esta situación pode favorecer á conservación da lingua e promoción da cultura galega? Pensas que pode ter algún tipo de impacto sobre a xuventude? No TFG falo sobre a auxe do denominado “neotradicional” e sobre as cancións en galego que tratan temáticas cotiás con estilos pop, trap, tecno e demais, promovendo a normalización do idioma. Que opinas sobre isto?
12. Pensas que o éxito obtido por grupos como Tanxugueiras ou Verto puido ter un efecto positivo sobre a emerxencia de novos artistas? É dicir, que outras persoas se visen motivadas a facer música en galego a raíz disto.
13. Dentro do teu contido de redes sociais tamén aportas moita información sobre festivais en Galicia. Cres que estes axudan tamén de forma significativa a potenciar a música na nosa lingua?
14. Consideras que o falar galego ou escoitar música en galego pode ter un trasfondo político en numerosas situacións?
15. Participaches no libro “Galicia Musicalidade” publicado recentemente, redactando o epílogo. Como xorde a idea deste libro? E por que neste momento?
16. Cara onde cres que se dirixe agora a música en galego? Que futuro nos agarda?

Entrevista a Mondra (artista)

1. Nome
2. Idade
3. Lugar de procedencia
4. Profesión(s)
5. Es neofalante ou falas galego dende meniño? (En caso de ser neofalante, cales foron os motivos polos que decidiches cambiar de lingua?)

6. Como te iniciaches na música? Cales foron as túas motivacións?
7. Por que tomaches a decisión de facer música en galego? Recibiches algún comentario en relación ao feito de que facer música nesta lingua che “pecharía portas”?
8. Poderíamos tal vez etiquetar a túa música como neotradicional, que é un xénero que cada vez está máis presente e acadando un éxito crecente. Por que te decantaches por este estilo? Cales son as túas inspiracións ou referencias?
9. “Ardén” é o teu primeiro álbum, o cal está producido por Berto. Como foi a experiencia de traballar con outro dos referentes actuais da música en galego?
10. Con este álbum agárdanche un montón de concertos en festivais por toda a comunidade. Cres que estes eventos en Galicia favorecen a promoción de artistas que fagan música en galego?
11. Como foron os concertos nos que cantaches ata o momento? Cal foi a recepción do público?
12. Pensas que a maioría do teu público é galegofalante, ou cres que hai moitas persoas falantes de castelán que escoitan música en galego?
13. Algo novidoso que integras no teu espectáculo é un corpo de bailaríns. Como surxe o poñer movemento a esta xira? Cres que en parte tamén contribúe á normalización da música en galego o feito de apostar por unha posta en escena potente, ao igual que outros/as artistas nacionais ou internacionais?
14. Consideras que o feito de que en anos anteriores artistas ou grupos como as Tanxugueiras ou Verto acadasen un gran éxito, te motivou a facer música en galego? Ou cres que non tivo ningún tipo de influencia?
15. Como ves o presente da música en galego? Dirías que esta está a vivir un dos seus mellores momentos?
16. Cres que esta situación pode favorecer á conservación da lingua e promoción da cultura galega? Pensas que pode ter algún tipo de impacto sobre a xuventude?
17. Consideras que o falar galego ou escoitar música en galego pode ter un trasfondo político en numerosas situacións?
18. Cara onde cres que se dirixe agora a música en galego? Que futuro nos agarda?

Entrevista a “Julia” (consumidora de música en galego)

1. Idade?
2. Tamaño aproximado do teu municipio de residencia? É rural ou urbano?
3. En que universidade estudas?
4. Cal é a túa relación co galego, es paleofalante, é a túa lingua materna?
5. Dirías que o teu entorno é maioritariamente galegofalante?
6. Sínteste galega? É dicir, cres que a cultura de Galicia é algo que te representa e co que te sintes identificada?
7. Cres que a lingua galega forma parte da túa identidade? Ou falalo é algo completamente casual porque foi o que che ensinaron?
8. Dende cando consumes música en galego? Cales foron as túas motivacións para comezar a escoitala?
9. Na túa contorna tes amigos/as, familiares, etc que escoiten música en galego?
10. Asistes con frecuencia ou asistiches algunha vez a concertos ou festivais nos que toquen artistas que segues que fan música en galego?
11. E cal é a túa percepción do público... Ti cres que este é maioritariamente galegofalante? Ou que hai de todo?
12. Actualmente estase dando unha gran diversificación e modernización do panorama musical en Galicia. Cres que isto repercutiu no teu consumo de forma positiva? Cres que repercutiu tamén no consumo doutras persoas?
13. Pensas que moitas das persoas que escoitan música en galego son persoas concienciadas coa cultura e coa lingua? Incluso sendo nalgúns casos castelanfalantes, que lles gustaría tal vez mudar a súa lingua e falar galego por exemplo?
14. Cres que a música en galego axuda a promover e conservar a lingua e cultura galegas?
15. Que pensas que lle agarda á música en galego nos próximos anos? Seguirá evolucionando favorablemente?

8.4. Transcripción das entrevistas

